MEMORIA 2019

AXENCIA GALEGA PARA
A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE

acis
AXENCIA DE CONHECEMENTO EN SAÚDE

Xacobeo 2021 galicia SERVIZO GALEGO de SAÚDE XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE SANIDADE

ÍNDICE

INTRODUCIÓN 4

1. A memoria 2019 5
2. A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) .. 6
3. O Marco estratéxico 8

ÁREA DE XESTIÓN DE COÑECEMENTO E TALENTO 11

1. Introdución 12
2. Plan de formación continuada 15
3. Novas contornas de aprendizaxe 19
4. Colaboracións externas 24
5. Outras actuacións de formación 25
6. Docencia 29

ÁREA DE DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN SANITARIA 33

1. Introdución 34
2. Valorización de resultados 36
3. Innovación aberta 40
4. Internacionalización 49

ÁREA DE PLANIFICACIÓN E PROMOCIÓN DA INVESTIGACIÓN SANITARIA 60

1. Introdución 61
2. Contorna de investigación 65
3. Estruturas de apoio 68
4. Otras actuacións 76

UNIDADE DE ASESORAMIENTO CIENTÍFICO TÉCNICO ... 80

1. Introdución ... 81
2. Informes de avaliación de tecnoloxías sanitarias ... 84
3. Guías, produtos e colaboracións ... 98

SERVIZO DE XESTIÓN ... 104

1. Introdución ... 105
2. Xestión económica ... 107
3. Xestión de persoal e administrativa ... 110

ANEXOS ... 113

1. Desagregación dos recursos económicos por eixos e accións ... 114
2. Canles de comunicación en internet e datos de contacto ... 117

INTRODUCIÓN

1. A MEMORIA 2019

A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), creada en virtude do decreto 112/2015, do 31 de xullo, é unha axencia pública autonómica pertencente ao grupo de entidades públicas instrumentais reguladas no Título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público autonómico de Galicia (LOFAXGA). A axencia atópase adscrita á Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde e posúe personalidade xurídica propia, así como tamén patrimonio e tesourería de si, e autonomía na súa xestión nos termos que precisan as leis.

Esta Memoria 2019 é un instrumento operativo da ACIS (artigo 27.1.b do Decreto 112/2015) que especifica a actividade desenvolvida ao longo do ano.

Neste documento descríbense as actividades mais salientables ao longo do ano 2019 para cada unha das áreas funcionais da Axencia. Como introdución do documento, preséntase una breve descrición desas áreas funcionais, así como do marco estratéxico da entidade.

O contido da memoria sirve de base para o necesario proceso de información ao Consello Reitor da Axencia da execución e do grao de cumprimento dos obxectivos fixados no contrato plurianual de xestión para o ano 2019.

2. A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE (ACIS)

A ACIS ten como fins xerais e obxectivos básicos actuar en réxime de descentralización funcional como un instrumento de xestión da formación no Sistema Público de Saúde de Galicia, así como o fomento e coordinación da investigación nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde. Estes fins prioritarios tamén inclúen a coordinación e o impulso da actividade innovadora da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, e a avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, así como a formación continuada dos profesionais das institucións sanitarias.

ÁREAS FUNCIONAIS

Para o desenvolvemento de tales fins e obxectivos, establecéronse tres áreas funcionais, unha unidade e un servizo, dependentes todas elas orgánica e funcionalmente da xerencia da mesma, que determinan e concretan as actividades a realizar pola axencia:

a) Área de Xestión do Coñecemento e Talento

Á Área de Xestión do Coñecemento e Talento correspóndelle a xestión e coordinación dos servizos de formación e xestión do talento da axencia. Para o desempeño das súas funcións conta cos seguintes servizos:

1. Servizo de Docencia, responsable das actividades de promoción, coordinación e autorización da formación regulada universitaria e especializada.
2. Servizo de Innovación Formativa, responsable das actividades relacionadas coa planificación, xestión, execución e avaliación da actividade de formación levada a cabo pola axencia.

b) Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria

Á Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria correspóndelle a execución e xestión de proxectos de investigación e innovación sanitaria, e o deseño e execución da estratexia de valorización da innovación sanitaria desenvolvida no Sistema Público de Saúde de Galicia.

c) Área de Planificación e Promoción da Investigación Sanitaria

Á Área de Planificación e Promoción da Investigación Sanitaria correspóndelle a planificación, promoción, coordinación, execución e avaliación da investigación sanitaria do Sistema Público de Saúde de Galicia.

d) Unidade de Asesoramento Científico-técnico

Á Unidade de Asesoramento Científico-técnico correspóndelle a avaliación e demostración de tecnoloxías, procesos e servizos sanitarios da axencia.

e) Servizo de Xestión

Ó Servizo de Xestión correspóndenlle as actividades relativas á xestión económica, administrativa e do persoal da axencia.

Nos seguintes capítulos, dentro de cada unha destas áreas funcionais, farase referencia ás actividades ao longo do ano 2019 en relación cos eixos de actuación do Plan de Acción para este ano que se introduce no seguinte epígrafe.



3. O MARCO ESTRATÉXICO

Dende unha perspectiva estratéxica, a creación da ACIS responde á necesidade de dotar ás actividades de docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios de flexibilidade de xestión, autonomía, promoción da eficiencia e responsabilidade por resultados. Ademais, a cada vez maior complexidade da investigación biomédica (grandes orzamentos, configuración de proxectos consorciados, impacto normativo, etc.) demanda unha xestión diferenciada e profesionalizada.

A súa visón e misión establecen as metas a longo prazo e potencian o desempeño e orientación estratéxica da Axencia.

VISIÓN

A visión é a de converterse nun elemento nucleador do ecosistema galego de coñecemento e innovación en saúde contribuíndo ao seu posicionamento como referente internacional.

MISIÓN

A misión é actuar como un instrumento que posibilite, con máxima eficiencia e aportando valor á xestión do coñecemento xerado no Sistema Público de Saúde en Galicia, desde momento da súa xeración ata a transferencia a sociedade, promovendo ao mesmo tempo a incorporación ao sistema de novas tecnoloxías e sistemas organizativos nun modelo de innovación aberta.

CADEA DE VALOR

Para que o coñecemento circule de forma óptima desde a súa orixe ata a súa transferencia á sociedade, ACIS integra nunha mesma cadea de valor:

- A formación dos profesionais sanitarios.
- A investigación en saúde.
- A innovación baixo un enfoque aberto para que os resultados cheguen do laboratorio á cama do paciente e tamén ao mercado, con retornos económicos que reverterán na sanidade pública.
- A avaliación de tecnoloxías para garantir a aplicación das máis novas baixo criterios de máxima seguridade.

PLAN DE ACCIÓN

Con eses fins, o Plan de Acción Anual para o ano 2019 inclúe seis eixos de actuación, cada un deles cos obxectivos estratéxicos e operativos que se enumeran a continuación, e coa desagregación de recursos económicos que pódese consultar no Anexo 1 desta memoria.

Eixo 1. Formación

- Obxectivo estratéxico: Promover un modelo integral de xestión da formación continuada dos profesionais que traballan no Sistema Público de Saúde de Galicia.
  - Obxectivo operativo 1.1: Promover un plan de formación continuada adaptado ás necesidades dos profesionais.
  - Obxectivo operativo 1.2: Transformar o coñecemento para favorecer novas contornas de aprendizaxe e potenciar novas metodoloxías docentes.
  - Obxectivo operativo 1.3: Facilitar sinerxías e colaboracións.

Eixo 2: Docencia

- Obxectivo estratéxico: Poñer en valor o sistema de formación sanitaria especializada no Sergas, grazas á coordinación dun modelo integral de xestión da formación sanitaria especializada no Sergas.
  - Obxectivo operativo 2.1: Promover unha estrutura docente de calidade.

Eixo 3. Investigación

- Obxectivo estratéxico: Fomentar unha investigación de calidade que responda aos retos do Sistema Público de Saúde de Galicia, grazas á absorción de coñecemento por parte dos profesionais e das empresas, a mobilización e atracción de capital privado para os procesos de innovación galegos, o fomento da transferencia de investigación dende os axentes de xeración, a difusión do coñecemento cara o mercado e o apoio ao descubrimento emprendedor en todos os eidos.
  - Obxectivo operativo 3.1: Consolidar unha contorna de investigación atractiva para a retención, captación e desenvolvemento de persoal investigador altamente cualificado.
  - Obxectivo operativo 3.2: Impulsar e consolidar o tecido de estruturas de apoio á investigación.

Eixo 4. Innovación

- Obxectivo estratéxico: Impulsar a innovación no Sistema Público de Saúde de Galicia a través da valorización, a transferencia de resultados e a innovación aberta.
  - Obxectivo operativo 4.1: Promover a valorización dos resultados da investigación sanitaria e a cultura de innovación entre os profesionais do Sergas.
  - Obxectivo operativo 4.2: Promover a innovación aberta no sistema sanitario.
  - Obxectivo operativo 4.3: Promover a internacionalización da innovación do Sistema Público de Saúde de Galicia.

Eixo 5. Avaliación

- Obxectivo estratéxico: Xerar evidencia científica que sustente a toma de decisións do Sistema Público de Saúde no relativo a incorporación de tecnoloxías sanitarias, así como adopción de novas prácticas clínicas.
  - Obxectivo operativo 5.1: Realizar informes de avaliacións de tecnoloxías sanitarias, así como a súa posterior difusión, solicitados pola Consellería de Sanidade ou o Sergas, pola RedETS ou os organismos europeos competentes en avaliación de tecnoloxías sanitarias.
  - Obxectivo operativo 5.2: Elaborar guías de práctica clínica e colaborar na realización doutros produtos baseados na evidencia científica así como desenvolver outras actividades propias da unidade.

Eixo 6. Xestión

- Obxectivo estratéxico: Xestión eficiente dos recursos económicos e humanos das diferentes unidades e áreas da ACIS para facilitar a consecución dos seus obxectivos
  - Obxectivo operativo 6.1: Xestión económica.
  - Obxectivo operativo 6.2: Xestión de persoal e administrativa.

ÁREA DE XESTIÓN DE COÑECEMENTO E TALENTO

1. INTRODUCIÓN

A Área de Xestión de Coñecemento e Talento é unha unidade administrativa dependente da ACIS, de acordo co Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión de Coñecemento en Saúde (DOG núm. 157 do 19 de agosto de 2015).

Dende esta área lidérase a coordinación dos servizos de formación, a implicación dos usuarios nos procesos de adquisición de novos coñecementos e habilidades e a identificación do coñecemento relevante nas distintas unidades e institucións do sistema sanitario, así como o desenvolvemento das ferramentas precisas para a súa divulgación.

Os principios que rexen a xestión da formación continuada por parte da Axencia de Coñecemento en Saúde son:

- Deseñar e renovar de maneira continuada unha oferta de actividades que lles proporcionen valor aos profesionais de todas as áreas e especialidades a través de coñecemento aplicable á súa práctica diaria.
- Manter aberto, con carácter permanente, unha canle de comunicación cos profesionais para recoller as súas demandas de formación co fin de que esta responda efectivamente as súas necesidades.
- Mellorar a capacidade de todos os profesionais, independentemente das súas funcións, para a xestión, a adaptación e o liderado nos procesos de transformación que permiten que o sistema de saúde evolucione de forma áxil e efectiva.
- Incrementar a calidade e a competitividade do conxunto do sistema de saúde a través da mellora da produtividade e as competencias de cada un dos seus profesionais.
- Intensificar a motivación e o nivel de compromiso das persoas que traballan ao servizo do sistema sanitario.

DESTINATARIOS/AS

A formación continuada dos profesionais do Sistema público galego de saúde é unha prioridade para ACIS. A actualización permanente das competencias para a práctica sanitaria é imprescindible para alcanzar o noso obxectivo esencial: mellorar o coidado dos pacientes a través do coñecemento.

FUNCIÓNS

- Planificar, autorizar e avaliar as accións de formación práctica regulada, tanto universitaria como especializada, nos centros dependentes da consellería competente en materia de sanidade e do Servizo Galego de Saúde.
- Programar, executar e avaliar programas de docencia e formación non regulada para o persoal sanitario e investigador, conforme a estratexia definida pola consellería competente en materia de sanidade e o Servizo Galego de Saúde, potenciando o desenvolvemento de novas metodoloxías docentes e o uso de novas tecnoloxías nos plans de formación.
- Elaborar e aplicar as políticas, instrumentos, directrices, normas e criterios sobre a avaliación dá actividade formativa de persoal sanitario e investigador e ou seu impacto sobre a mellora do sistema.
- Facilitar a implicación dous usuarios nos procesos de adquisición de novos coñecementos e habilidades garantindo a capilaridade e a idoneidade da actividade formativa.
- Identificar o coñecemento relevante nas distintas unidades e institucións do sistema sanitario e desenvolver as ferramentas precisas para a súa divulgación.
- Propoñer ferramentas para a materialización do coñecemento creando produtos e servizos que faciliten a súa extensión e implantación non sistema de saúde.
- Xestionar, explotar e difundir o coñecemento xerado no desempeño das funcións da propia Axencia.
- Asumir por delegación da Presidencia da Axencia a representación desta en institucións, foros e plataformas nacionais e internacionais para a promoción e intercambio de coñecemento científico e tecnolóxico no ámbito sanitario.
- Facilitar o cumprimento da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, garantindo o desenvolvemento de repositorios dixitais, propios ou compartidos, de acceso aberto ás publicacións do persoal de investigación cuxa actividade estea financiada por fondos públicos, e o establecemento de sistemas que permitan conectalos con iniciativas similares de ámbito nacional e internacional.
- En xeral, cantos asuntos lle sexan encomendados en razón da súa competencia pola Xerencia da Axencia.de financiamento, así como favorecer a conexión coa contorna empresarial.

OBXECTIVOS OPERATIVOS E ACCIÓNS

As accións desenvolvidas pola Área de Xestión de Coñecemento e Talento en 2019 foron as que se enumeran a continuación, relacionadas cos obxectivos operativos dos eixos 1. Formación e 2. Docencia do Plan de Acción Anual da ACIS.

Eixo 1. Formación

- Obxectivo estratéxico: Promover un modelo integral de xestión da formación continuada dos profesionais que traballan no Sistema Público de Saúde de Galicia.
  - Obxectivo operativo 1.1: Promover un plan de formación continuada adaptado ás necesidades dos profesionais.

    Accións:

    1.1.1 Enquisa online anual de detección de necesidades de formación.

    1.1.3 Promover unha formación acreditada de calidade.
  - Obxectivo operativo 1.2: Transformar o coñecemento para favorecer novas contornas de aprendizaxe e potenciar novas metodoloxías docentes.

    Accións:

    1.2.1 Desenvolver unha nova Plataforma Tecnolóxica de Xestión do Coñecemento

    1.2.2 Deseñar un plan integral de formación en simulación
  - Obxectivo operativo 1.3: Facilitar sinerxías e colaboracións.

    Accións:

    1.3.1 Xestión dun plan de colaboracións externas.

Eixo 2. Docencia

- Obxectivo estratéxico: Poñer en valor o sistema de formación sanitaria especializada no Sergas, grazas á coordinación dun modelo integral de xestión da formación sanitaria especializada.
  - Obxectivo operativo 2.1: Promover unha estrutura docente de calidade.

    Accións:

    2.1.1 Rede de Comisións de Docencia de Galicia (REDEGA).

    2.1.2 Marco legal de coordinación da formación sanitaria especializada.

2. PLAN DE FORMACIÓN CONTINUADA

A planificación da formación continuada realízase con base en dous plans formativos:

- Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas – **AFEDAP**
- Plan Estratéxico de Formación – **PEF**

Ademais, no marco do obxectivo do Plan de Acción 2019 relativo á promoción dunha formación continuada adaptada ás necesidades dos profesionais, fíxose una enquisa de detección de necesidades e adoptáronse os criterios para garantir unha formación de calidade.

2.1. Plan AFEDAP

No seguinte gráfico obsérvase a evolución do número de actividades formativas do AFEDAP ao longo dos últimos seis anos.

Ano	Cursos planificados	Cursos executados	% de execución
2014	170	164	96%
2015	200	193	97%
2016	235	220	94%
2017	398	290	73%
2018	279	262	94%
2019	313	301	96%



2.2. Plan estratéxico de formación

No seguinte gráfico obsérvase a evolución do número de actividades formativas do PEF ao longo dos últimos cinco anos.

Ano	Cursos planificados	Cursos executados	% de execución
2014	338	246	73%
2015	301	232	77%
2016	321	255	79%
2017	234	175	75%
2018	197	183	93%
2019	241	226	94%



Aliñadas co obxectivo estratéxico do Eixo 1 de promover un modelo integral de xestión da formación continuada dos profesionais que traballan no Sistema Público de Saúde de Galicia, as accións desenvolvidas no marco do obxectivo operativo 1.1 Desenvolver un plan de formación continuada adaptado ás necesidades dos profesionais, as actuacións desenvolvidas foron dúas:

- Enquisa online anual de detección de necesidades de formación
- Promoción dunha formación acreditada de calidade

ENQUISA DE DETECCIÓN DE NECESIDADES DE FORMACIÓN

A última enquisa sobre "As necesidades de formación do persoal sanitario de administración sanitaria e non sanitario ó servicio da sanidade pública galega" foi editada pola Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS) en 2003.

Ás 350 entrevistas realizadas a mandos intermedios no ano 2018 súmanse outras 70 entrevistas no ano 2019. Seguindo as indicacións do Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021, as entrevistas foron realizadas entre os mandos intermedios de atención primaria.

As enquisas foron postas a disposición de todos os profesionais do Servizo Galego de Saúde na ligazón https://www.necesidadesformativas.gal/cuestionario e remitiuse un correo electrónico animando á participación. Recibíronse máis de 4.100 enquisas que proporcionaron información moi valiosa para a elaboración do Plan de formación do ano 2020 incorporando 12 novas actividades formativas.

A porcentaxe de necesidades formativas cubertas polo plan de formación supera o 60% e o gasto executado no ano 2019 e do 100%.

FORMACIÓN ACREDITADA DE CALIDADE

A formación continuada dos profesionais sanitarios está suxeita a un rigoroso sistema de acreditación que lles afecta a todas as actividades deste tipo e aos provedores que as imparten. En Galicia, a súa xestión correspóndelle á Consellería de Sanidade e a Secretaría Técnica está a cargo da ACIS, que se encarga da tramitación, revisión e aprobación das acreditacións dos formadores.

A partir de abril de 2019 o sistema de acreditación da formación continuada das profesións sanitarias da Comunidade Autónoma de Galicia adaptouse aos novos criterios de avaliación deseñados polo Ministerio de Sanidade (pertinencia da actividade, obxectivos, metodoloxía, organización e loxística e avaliación).

Ao longo de 2019, realizáronse actividades de formación dirixidas aos avaliadores para dar a coñecer os novos criterios, establecer pautas de actuación e reducir a variabilidade nas cualificacións. Así mesmo, deseñouse un novo formulario de solicitude, fixéronse as adaptacións necesarias en SAGA e deuse traslado do novo procedemento aos provedores de formación.

O número de solicitudes ao longo do ano 2019 incrementouse nun 17% con respecto ao ano anterior e o número total ascende a 2.129. Este importante incremento é debido fundamentalmente a dous aspectos:

- A demanda de cursos acreditados por parte dos profesionais.
- A reactivación da carreira profesional aumenta a demanda de formación para acadar os puntos necesarios.

3. NOVAS CONTORNAS DE APRENDIZAXE

En relación co obxectivo operativo 1.2 Transformar o coñecemento para favorecer novas contornas de aprendizaxe e potenciar novas metodoloxías docentes, as actuacións desenvolvidas foron dúas:

- Desenvolver unha nova Plataforma Tecnolóxica de Xestión do Coñecemento no marco do Plan de Innovación en Saúde Código 100.
- Deseñar un plan integral de formación en simulación, en horario laboral, que provoque un troco no xeito actual de entender a actualización das competencias dos profesionais do sector saúde.

PLATAFORMA TECNOLÓXICA DE XESTIÓN DO COÑECEMENTO

No cadro do plan de innovación Código 100, estase a desenvolver unha plataforma tecnolóxica integral que permita canalizar, dinamizar e diseminar o coñecemento e xestión de profesionais en base a competencias, personalizar a súa formación e ao mesmo tempo xestionar o talento sanitario dende o punto de vista organizativo e de recursos humanos.

Isto permitirá optimizar e aproveitar ao máximo, a través de ferramentas innovadoras, a experiencia e o coñecemento adquiridos polos profesionais no desempeño das súas funcións, cun sistema circular de potenciación de coñecemento e do talento do Sistema Público de Saúde de Galicia, capaz de transformar o coñecemento tácito actual nun coñecemento explícito e accesible, facilitando la xestión dos fluxos de coñecemento experto entre profesionais, e entre estes e os pacientes.

Nace así SHARE, unha plataforma tecnolóxica para a xestión do coñecemento no ámbito sanitario, adquirida a través dos novos procedementos de Compra Pública Innovadora, que permitirá aos profesionais sanitarios e aos seus pacientes vantaxes competitivas que contribuirán a situalos á vangarda da xestión do coñecemento nas organizacións sanitarias.

- Permitirá formular unha estratexia de alcance global e da organización para o desenvolvemento, adquisición e aplicación do coñecemento.
- Ofrecerá a posibilidade de implantar estratexias asistenciais orientadas ao coñecemento.
- Promoverá a mellora continua con énfase na xeración e utilización do coñecemento.
- A organización poderá medir e avaliar os logros obtidos coa aplicación do coñecemento.

- Reducirá os tempos do desenvolvemento de solucións aos problemas detectados mediante o uso do coñecemento da organización.
- Reducirá os custos asociados á repetición de erros.

A continuación descríbense as tarefas de programación e desenvolvemento da plataforma en 2019.

Fase I: Análise e definición funcional e técnica do sistema

A formación dun grupo de traballo composto por profesionais da ACIS, da Subdirección Xeral de Tecnoloxías e Sistemas de Información, da Escola Galega de Saúde para Cidadáns, de E-saúde e da propia empresa adxudicataria impulsaron esta primeira fase con reunións de seguimento quincenais que se realizan dende principios do ano.

Fase II: Desenvolvemento dun prototipo da solución

Cómprese o cronograma establecido nos primeiros meses do ano 2019 definindo todos os aspectos funcionais e técnicos que debe abordar SHARE:

- Un módulo de formación baseado na utilización dunha plataforma LMS (Learning Management System) para a xestión integral dos procesos formativos.
- Un módulo de gamificación que ten por obxectivo incentivar aos usuarios no uso da plataforma, usando mecánicas como desafíos, recompensas e rankings.
- Un módulo de publicación editorial. Unha ferramenta autora de xeración de contidos formativos a través de plantillas e sen necesidade de dominar programación. Cada usuario poderá compartir o seu coñecemento converténdose en autor. Ademais, unha vez superado un proceso de validación, poderán publicalos automaticamente.
- Un módulo de ferramentas sociais e comunicación informal, usando redes sociais, canles de chat e comunidades de práctica.
- Un observatorio sanitario de novidades científico-técnicas, usando un algoritmo de machine learning, recupera e clasifica segundo a relevancia artigos indexados por repositorios
- Un módulo de recomendacións. Os profesionais recibirán, a través da intelixencia artificial a recomendación de contidos, listas, canles e itinerarios formativos personalizados. Basearase nunha estratexia de recomendación híbrida que combina:
    - Filtrado baseado en contido da mesma maneira que fan plataformas como Netflix ou Spotify. En resumo, ofrecerá ao usuario o que máis encaixa coas súas preferencias.

- Filtrado colaborativo. Céntrase en utilizar o que din (explícita ou implicitamente) os usuarios con perfiles similares.

A recomendación de contactos en SHARE basearase en ofrecer ao usuario recomendacións de persoas que poderían ser do seu interese para incorporar á súa rede social na plataforma. Ademais, a través das comunidades de prácticas poderán crear canles para compartir e xerar coñecemento de maneira colaborativa.

- Un observatorio sanitario de novidades científico-técnicas, usando un algoritmo de *machine learning*, recupera e clasifica segundo a relevancia artigos indexados por repositorios

Fase III: Desenvolvemento completo e posta en marcha da solución

A plataforma está completada, pero, sen embargo, non está posta en marcha e en funcionamento debido á complexidade da integración de SHARE coas aplicacións corporativas do Servizo Galego de Saúde. Ampliouse o prazo de entrega ata abril de 2020.

Fase IV: Demostración e avaliación

Realizáronse sesións de demostración dos módulos que non dependen da integración coas aplicacións corporativas do Servizo Galego de Saúde: módulo de formación, módulo de gamificación, módulo de publicación editorial e módulo de ferramentas sociais e comunicación informal. Ditos módulos foron validados por un grupo multidisciplinar de profesionais composto por persoal de atención hospitalaria e primaria, persoal de tecnoloxías e sistemas de información, persoal das unidades de formación das áreas sanitarias e persoal da ACIS. O número de profesionais implicados na validación dos módulos citados ascendeu a 45.

Definición dun modelo de gobernanza e de validación dos contidos de SHARE

A plataforma tecnolóxica para a xestión do coñecemento no ámbito sanitario permitirá implantar un novo sistema de xestión e validación de contidos e constituirá o núcleo de produción, xestión e canalización do coñecemento dirixido a todos os actores participantes nos procesos da organización.

Ofrece, entre outras, ferramentas autoras para a creación e xestión de contidos multidispositivos accesibles en contornas *online* e *offline* e implementa un módulo que permite filtrar, clasificar e recomendar contidos audiovisuais e documentais a profesionais e pacientes.

Por todo elo, resulta imprescindible definir un modelo de gobernanza e un método de validación que garanta a calidade científica dos contidos (textos, imaxes, vídeos, etc.) das que

poidan dispor os participantes desta plataforma deixando a salvo os dereitos de autor a través dun proceso de revisión/validación.

O sistema de validación debe establecer os requisitos de revisión, así como o marco e método de validación a seguir co obxecto de que as validacións concedidas sexan plenamente válidas e aceptables no ámbito sanitario do Servicio Galego de Saúde.

Creouse un grupo de traballo multidisciplinar composto por 18 profesionais e realízanse 5 sesións creativas ao longo de outubro e novembro de 2019 con metodoloxías innovadoras cos seguintes obxectivos:

- Definición do problema a resolver e das regras de xogo que o definen.
- Comprender en profundidade as necesidades e desexos dos usuarios e usuarias da solución.
- Xerar ideas, crear prototipos das ideas de solución elixidas e probalos con usuarios/-as reais.
- Impulsar a creatividade e a innovación nos equipos de traballo a través dun proceso de aprendizaxe inmersivo e a utilización de ferramentas de innovación e *Design Thinking.*
- Selección e definición da mellor solución para o modelo de gobernanza e un método de validación que garanta a calidade científica dos contidos.

O traballo do grupo foi moi enriquecedor en satisfactorio e finalizou coa entrega dun documento final que pon as bases para implantar un modelo de gobernanza en SHARE.

PLAN INTEGRAL DE FORMACIÓN EN SIMULACIÓN

Unha das innovacións formativas máis recentes é a Rede de Capacitación e Adestramento Sanitario (REDCASA), que permite recrear escenarios que imitan contextos reais de actuación da forma máis fiel posible para facilitar a aprendizaxe, a práctica e a asimilación de habilidades e coñecementos no coidado da saúde.

REDCASA é un programa dirixido a aumentar a seguridade do paciente por medio do adestramento de equipos baseado na simulación no lugar de traballo e durante o horario laboral con avaliación competitiva mediante rúbricas específicas vinculadas a obxectivos rastrexables de resultados en saúde.

Os obxectivos do proxecto son:

- Recoñecer os signos inminentes de parada cardiorrespiratoria (PCR).

- Coñecer o mecanismo de alerta ao 061.
- Organizarse adecuadamente nun caso de PCR.
- Realizar as manobras de resucitación cardiopulmonar (RCP) de calidade obxectiva.
- Coñecer e manexar correctamente os recursos de que dispón cada centro.
- Xerar ganas de "saber máis" entre os profesionais.

Os destinatarios do proxecto na súa primeira fase son os profesionais sanitarios de Atención Primaria. O obxectivo é adestrar en tempo de traballo ao 100 % da poboación diana (médicos e enfermaría de AP, un total de 5.117 profesionais). Ao longo do ano 2018 e 2019 chegouse a máis de 3.500 profesionais, o que supuxo o 70% do persoal sanitario.

O grado de implantación superou o 70 % e a porcentaxe de execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa ascendeu ao 100%.

Esta acción consiste na implementación dun plan de actualización de competencias en horario de traballo, que posibiliten avaliar o impacto da formación e a mellora de indicadores de saúde. O foco da acción xira arredor do adestramento *in situ* para á asistencia a emerxencia prehospitalaria e a poboación diana a que está dirixida a acción son os profesionais sanitarios de Centros de Atención Primaria e Puntos de Atención Continuada (PACs), situados fora da cobertura de Ambulancia Asistencial de Soporte Vital Avanzado da Fundación Pública Urxencias Sanitarias 061. O número total aproximado é de 5.170 profesionais.

4. COLABORACIÓNS EXTERNAS

Nun mundo global requírense solucións globais, e isto pasa por implementar as melloras prácticas docentes e de xestión de coñecemento doutros ámbitos (universidade, fundacións, empresas, industria farmacéutica), compre salientar a xestión dun plan de colaboracións externas.

No marco do obxectivo operativo 1.3 Facilitar sinerxías e colaboracións, o ano 2019 foi moi produtivo no que se refire a convenios de colaboración e encomendas de xestión, que permitiron abrir 15 liñas formativas e captar preto dos 400.000 euros.

CONVENIOS DE COLABORACIÓN

- Plan formativo para a optimización do manexo do paciente con enfermidade inflamatoria intestinal na Atención Primaria do Sistema Público de Saúde de Galicia. Takeda Farmacéutica España, S.A., 10.000 euros.
- Formación de médicos en simulación médica avanzada: Sociedade Española de Médicos Xerais e de Familia (SEMG), sen achega económica.
- Realización dunha pílula formativa *e-learning* sobre “Cancro de ovarios”. Astra Zeneca Farmacéutica Spain S.A., 4.912 euros.
- Realización de unha pílula formativa *e-learning* sobre “Coidados en diabetes”. Astra Zeneca Farmacéutica Spain, S.A., RAZENECA FARMACÉUTICA SPAIN S.A., 5.666 euros.

ENCOMIENDAS DE XESTIÓN

Táboa 1. Encomendas de xestión en 2019

Concepto	Importe
Escola Galega de Saúde para Cidadáns	115.000,00 €
Violencia de Xénero (Pacto de Estado)	70.000,00 €
Violencia de Xénero (Fondos autonómicos)	50.000, 00 €
Gases medicinais	101.000,00 €
Enfermidades dexenerativas	7.600,00 €
Atención a persoas refuxiadas	12.000,00 €

5. OUTRAS ACCIÓNS DE FORMACIÓN

Ademais das accións descritas, a área de Xestión do Coñecemento e Talento continuou coas actuacións e programas iniciados desde hai anos:

- Plan Estratéxico de Formación en Bioética
- Plan Asistencial Práctico (PAP)
- Escola Galega de Saúde para Cidadáns
- Sala de videogravación
- Gamificación
- Proxecto P2P: do Profesional para o Profesional

A planificación da formación continuada realizouse con base en dous plans formativos principais:

- *Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas (AFEDAP)* para as necesidades dos profesionais.
- *Plan Estratéxico de Formación (PEF)* sobre necesidades da organización.

PLAN ESTRATÉXICO DE FORMACIÓN EN BIOÉTICA

O Plan Estratéxico de Formación en Bioética Sanitaria 2018-2019 ten como obxectivo a calidade da asistencia sanitaria e da prestación e xestión de servizos do Sistema Público de Saúde de Galicia. En concreto, persegue que os profesionais – tanto o persoal sanitario como o persoal de xestión e servizos– adquiran as competencias, coñecementos e habilidades para mellorar os procesos de toma de decisións e capacitalos para resolver a maioría dos problemas éticos que se presenten no desenvolvemento do seu labor profesional. Aspírase así a favorecer a implantación dunha cultura bioética na organización sanitaria e nos seus profesionais que fomente a deliberación pública sobre as necesidades de saúde, a responsabilidade no coidado da saúde e o uso equitativo dos recursos sanitarios.

A formación vai permitir xerar procedementos de actuación que cumpran cos estándares de acreditación de calidade institucional. Para isto, o plan estrutúrase en dous programas formativos dirixidos a dous perfís profesionais: o persoal sanitario e o persoal de xestión e servizos.

Programa de formación para persoal sanitario

A formación para o persoal sanitario ten como obxectivo saber contextualizar, no marco da ética cívica, a relación clínica, os problemas éticos da orixe e do final da vida, e saber utilizar instrumentos e métodos para a toma de decisións acordes coa ética e a lexislación estatal e autonómica vixente.

- Destinatarios
  Persoal sanitario, residentes en formación de todas as profesións sanitarias e membros dos comités de ética asistencial.
- Programa
  - Módulo I: Introdución á Bioética e relación clínica
  - Módulo II: Bioética clínica e problemas dá orixe da vida
  - Módulo III: Bioética clínica e problemas do final da vida (I)
  - Módulo IV: Bioética clínica e problemas do final da vida (II)
  - Módulo V: Xustiza e saúde pública

Programa de formación para persoal de xestión e servizos

A formación para o persoal de xestión e servizos ten como obxectivo saber contextualizar no marco da ética cívica os aspectos éticos do labor profesional da xestión e servizos nos sistemas sanitarios e coñecer a metodoloxía para a detección e a análise dos problemas éticos que xorden no seu desenvolvemento.

- Destinatarios
  Persoal estatutario de xestión e servizos do Servizo Galego de Saúde e membros dos comités de ética asistencial.
- Programa
  - Módulo I: Introdución á bioética e analise de problemas éticos
  - Módulo II: Aspectos éticos en contextos non asistenciais

PLAN ASISTENCIAL PRÁCTICO (PAP)

O Programa Asistencial Práctico (PAP) é un proceso formativo específico destinado aos profesionais que necesitan actualizar coñecementos prácticos.

Os obradoiros do PAP teñen lugar nas unidades móbiles do Punto de Atención Diagnóstico Terapéutico Móbil (PAM). Estas dúas unidades conforman un espazo de 100 m^2 e atópanse perfectamente equipadas para dar asistencia en practicamente calquera situación, servir como

axuda a outros centros médicos que carecen de equipos concretos (como ecógrafos ou retinógrafos) ou funcionar como unha unidade de cirurxía maior ambulatoria. Para iso, contan cun completo quirófano equipado con toda a instrumentación necesaria, con circuítos de aire, gases e control de temperatura adecuados. Tamén conta cun espazo de acondicionamento preoperatorio e con zona de recuperación poscirúrxica.

Dispoñen de varios espazos divididos en diferentes salas: consultas de medicina e enfermaría, administración e aseos. Tamén conta cunha sala para probas diagnósticas, zona de cirurxía menor e outros espazos para formación de grupos reducidos. As unidades están conectadas á rede do Servizo Galego de Saúde con acceso a todos os historiais de pacientes.

ESCOLA GALEGA DE SAÚDE PARA CIDADÁNS

A Escola naceu co obxectivo de promover unha rede de xestión do coñecemento entre profesionais, pacientes e cidadáns para facilitar información, formación, habilidades en procesos de saúde e enfermidade. En 2019, a escola recibiu o premio o ao mellor programa de educación e prevención impulsado por unha comunidade autónoma que outorga a Fundación Tecnoloxía e Saúde.

SALA DE VIDEOGRAVACIÓN

ACIS conta cunha sala de videogravación, cun croma que permite xerar contidos dixitais desenvolvidos por profesionais, así como novos formatos tipo entrevistas, citas con expertos, eventos puntuais, etc.

GAMIFICACIÓN

Disponse tamén unha aplicación multidispositivo, para que o profesional poida acceder ao coñecemento cando o necesite.

Esta liña de traballo persegue:

- Aproveitar o talento e o alto grao de especialización dos profesionais sanitarios
- Prolongar a vida útil da formación presencial, aumentar o seu impacto.
- Aumentar o volume de formación dispoñible para determinados perfís de usuario.

PROXECTO P2P: DO PROFESIONAL PARA O PROFESIONAL

O Proxecto P2P: do Profesional para o Profesional no ámbito asistencial é un programa formativo da ACIS baseado en pílulas multimedia sobre coñecementos prácticos no ámbito clínico.

Os contidos foron elaborados por máis de 100 profesionais do Servizo Galego de Saúde e están accesibles a través da canle de YouTube da ACIS.

As temáticas abordadas no P2P son:

- Urxencias e coidados paliativos.
- Cardiovascular.
- Neurociencias.
- Endocrinoloxía e metabolismo.
- Pneumoloxía.
- Pediatría.
- Aparello dixestivo.
- Oftalmoloxía.
- Otorrinolaringoloxía.
- Reumatoloxía.
- Uroloxía.
- Obstetricia e xinecoloxía.
- Psiquiatría.
- Alergoloxía.
- Técnicas médicas.
- Cirurxía maxilofacial e odontoloxía.
- Técnicas de enfermaría.

6. DOCENCIA

O Servizo de Docencia é o responsable das actividades de promoción, coordinación e autorización da formación regulada universitaria e especializada. Unha das súas principais funcións é o fomento, a defensa e a promoción da importancia estratéxica da formación e a docencia de calidade no Sistema público de Saúde de Galicia.

No marco do Plan de Acción 2019, para o cumprimento do obxectivo operativo 2.1 Promover unha estrutura docente de calidade, para poñer en valor o sistema de formación sanitaria especializada no Sergas, grazas á coordinación dun modelo integral de xestión da formación sanitaria especializada, as principais accións en 2019 foron dúas.

- Coordinación e impulso da Rede de Comisións de Docencia de Galicia (REDEGA).
- Desenvolvemento do marco legal de coordinación da formación sanitaria especializada.

FORMACIÓN PRÁCTICA DOS ALUMNOS DE TITULACIÓNS UNIVERSITARIAS

A coordinación e autorización da formación práctica dos alumnos de titulacións universitarias, tanto sanitarios coma non sanitarios, nos centros dependentes da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

En 2019, xestionouse a formación práctica do alumnado das tres universidades galegas de titulacións universitarias tanto sanitarios coma non sanitarios, nos centros dependentes da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde mediante convenios establecidos con estas tres universidades. Estas prácticas inclúen tanto prácticas curriculares como extracurriculares.

Ademais xestionáronse prácticas con outras universidades españolas mediante convenios de colaboración tales como a Universidade de Burgos, Extremadura, Lleida, Navarra, Pontifica de Salamanca, etc.

No caso de solicitudes de prácticas con carácter ocasional por parte de universidades de fóra de Galicia, aplícase o establecido na *Orde do 13 de novembro de 2007 pola que se establece o procedemento para tramitación e xestión das solicitudes de formación práctica de alumnos/as de universidades non pertencentes ao sistema universitario de Galicia en centros asistenciais adscritos ao Servizo Galego de Saúde.*

As prácticas nos centros asistenciais diríxense a estudantes das titulacións universitarias correspondentes as profesións definidas na Lei 44/2003, do 21 novembro, de ordenación das profesións sanitarias, que no momento da solicitude superasen o 50% dos créditos da súa titulación nos plans renovados ou se encontren nos dous últimos cursos dos plans non renovados. Mediante este procedemento tramitáronse máis de 75 solicitudes de alumnado procedente de diferentes universidades españolas, universidades europeas (fundamentalmente portuguesas) e de fóra da UE, fundamentalmente de universidades de Arxentina e Brasil.

FORMACIÓN SANITARIA ESPECIALIZADA

A coordinación, o desenvolvemento e o exercicio das funcións relacionadas coa formación sanitaria especializada, velando pola súa excelencia, así como a elaboración da oferta anual de prazas de formación sanitaria especializada, en colaboración con outras unidades, sobre a base dos estudos de necesidades formativas no ámbito sanitario estatal e autonómico.

No que atinxe a formación sanitaria especializada elaborouse a oferta anual de prazas de formación sanitaria especializada para a convocatoria 2019-2020, en colaboración con outras unidades, sobre a base dos estudos de necesidades formativas no ámbito sanitario estatal e autonómico.

Así, estableceuse unha oferta de 472 prazas de formación especializada de diferentes titulacións, o que supuxo un incremento do 16,8% respecto as da convocatoria anterior, por riba da previsión de crecemento estatal situada no 10%. Na comparativa da nova convocatoria actual coa do ano anterior, rexístrase un incremento importante na formación para as especialidades de pediatría, medicina de familia e enfermería familiar e comunitaria. En concreto, o Sergas solicitou ao Ministerio de Sanidade ofertar un total de 134 prazas para a formación de médicos de familia, é dicir, 29 prazas máis que en 2018 o que supón un incremento do 27,6%.

Tamén se autorizaron máis de 800 rotacións externas que son períodos formativos autorizados para o persoal en formación poidan desenvolver certas habilidades en centros ou dispositivos non previstos no programa de formación nin na acreditación outorgada ao centro ou unidade docente.

Tramitáronse informes de estadías formativas de estranxeiros nos centros dependentes do Servicio Galego de Saúde, a petición do Ministerio de Sanidade, tal e como indica o artigo 30 do Real Decreto 183/2008, do 8 de febreiro, polo que se determinan e clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde e se desenvolven determinados aspectos do sistema de formación sanitaria especializada.

Por último tramitáronse tanto as solicitudes de novas acreditacións de unidades e dispositivos docentes das áreas sanitarias da Comunidade Autónoma de Galicia a través do programa ACREFSE do Ministerio de Sanidade como as solicitudes de acreditación de incrementos docentes en unidades xa existentes.

ORDENACIÓN PROFESIONAL

No que se refire a ordenación profesional emitíronse:

- Resolucións e informes de recoñecemento para efectos profesionais dos títulos de formación profesional expedidos noutros Estados da Unión Europea e a certificación dos títulos de formación profesional expedidos en España para exercer noutros países comunitarios.
- Informes dos períodos de exercicio profesional en prácticas ou de formación complementaria establecidos no Real decreto 459/2010, do 16 de abril, para o recoñecemento para efectos profesionais de títulos de especialista obtidos en países extracomunitarios.

SISTEMA ACREDITADOR DA FORMACIÓN CONTINUADA DAS PROFESIÓNS SANITARIAS

O Sistema Acreditador da Formación Continuada dos profesionais sanitarios na Comunidade Autónoma de Galicia (Saga) foi creado mediante o Decreto 8/2000, do 7 xaneiro, coa misión de contribuír a asegurar a calidade da formación continuada ofertada por provedores públicos ou privados, con sede social en Galicia, que dirixen os seus programas aos profesionais sanitarios.

Está integrado pola Comisión Autonómica de Formación Continuada, o Comité de Acreditación e a Secretaría Técnica.

O Servizo de Docencia ten, entre outras funcións, o apoio técnico e administrativo á Comisión Autonómica de Formación Continuada das Profesións Sanitarias, asumindo a Secretaría Técnica do Sistema Acreditador da Formación Continuada das Profesións Sanitarias, así como do Comité de Acreditación.

Ao longo do ano 2019, recibíronse 2.129 solicitudes de acreditación de preto de 300 entidades provedoras. Enténdese como provedor, a entidade que organiza ou promove a

actividade, solicita a acreditación e emite os certificados facéndose responsable da devandita actividade.

Ditas entidades poden ser, tanto públicas como privadas, e entre elas atópanse: institucións sanitarias, sociedades científicas, colexios profesionais, organizacións sindicais, academias de formación privadas e outras entidades sen ánimo de lucro (Fundacións, ONGs...).

As actividades formativas acreditadas foron cursos, obradoiros, xornadas, congresos, reunións científicas, seminarios e sesións clínicas.

O 26% corresponde a actividades dirixidas a enfermeiros/as, o 17% dirixidas a persoal médico e o 6% a técnicos auxiliares de coidados de enfermaría. O resto corresponde a actividades multidisciplinares o ben a categorías profesionais más minoritarias (fisioterapeutas, terapeutas ocupacionais, farmacéuticos, técnicos de laboratorio...).

REDE DE COMISIÓNS DE DOCENCIA DE GALICIA (REDEGA)

REDEGA agrupa e coordina as actuacións de organismos e persoas dedicadas á formación sanitaria especializada, fundamentalmente as comisións de docencia, os responsables docentes, titores ou persoal docente involucrado na formación especializada. ACIS exerce a Secretaría Técnica de REDEGA, para potenciar e dinamizar o funcionamento da rede como elemento clave da Formación Sanitaria Especializada.

Ao longo do ano 2019 realízanse dúas reunións do Pleno de REDEGA co obxectivo de avanzar na coordinación das actuacións dos organismos e persoas dedicadas á formación sanitaria especializada, fundamentalmente as Comisións de Docencia, os responsables docentes, titores e/ou persoal docente involucrado na formación especializada.

MARCO LEGAL DE COORDINACIÓN DA FORMACIÓN SANITARIA ESPECIALIZADA

Para despregar un marco legal que constrúa as bases do sistema de formación sanitaria especializada, do mesmo xeito que xa realizaron previamente outras comunidades autónomas, e sentar as bases para apuntalar un sistema docente de alta calidade, a principios de 2019 puxéronse en marcha os trámites coa consulta pública previa no portal de transparencia.

Recibidas e analizadas as achegas de REDEGA son incorporadas ao texto que está pendente da redacción definitiva para continuar cos trámites do Decreto

ÁREA DE DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN SANITARIA

1. INTRODUCIÓN

A Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria é unha unidade administrativa dependente da ACIS, de acordo co Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión de Coñecemento en Saúde (DOG núm. 157 do 19 de agosto de 2015).

A área encargase do desenvolvemento e coordinación das iniciativas de innovación sanitaria dentro da ACIS. Tendo entre as súas funcións a coordinación da Plataforma de Innovación Sanitaria e as iniciativas e proxectos de innovación sanitaria no ámbito rexional, nacional e europeo.

DESTINATARIOS/AS

Nas súas labores colabora cos profesionais do Servizo Galego de Saúde e con outras institucións no ámbito nacional e internacional para desenvolver iniciativas de innovación que melloren a calidade da prestación do servizo sanitario que se presta aos doentes.

FUNCIÓNS

- Deseñar e executar programas, proxectos e actividades de desenvolvemento e innovación en materia sanitaria, financiados directamente pola propia Axencia, a través do financiamento de terceiros, ou dos institutos de investigación sanitaria.
- Xestionar e executar proxectos e programas de investigación e innovación financiados con fondos europeos ou doutros organismos.
- Seleccionar, de acordo coa normativa aplicable, persoal investigador para a execución de proxectos e actividades innovadoras desenvolvidas pola Axencia ou por outras institucións coas que a Axencia teña convenios de colaboración.
- Deseñar e executar a estratexia de valorización dos proxectos e ideas identificados susceptibles de aplicabilidade real ou saída ao mercado, facilitando a súa implantación ou transferencia.
- Dar soporte ás actividades da Plataforma de innovación sanitaria.
- Promover e divulgar o coñecemento científico e tecnolóxico en Galicia, fomentando o interese da sociedade pola investigación, o desenvolvemento e a innovación no ámbito sanitario, así como a través de congresos e reunións de carácter científico e de especialistas no sector sanitario.

- Promover a cultura innovadora en toda a organización, desenvolvendo un modelo de xestión aberto e participativo de iniciativas innovadoras e favorecendo a participación de profesionais sanitarios en proxectos de innovación sanitaria.
- Difundir e participar en iniciativas nacionais e europeas de innovación e do clúster da saúde de Galicia, fomentando o acceso a fondos que financien proxectos de innovación sanitaria.
- En xeral, cantos asuntos lle sexan encomendados pola Xerencia da Axencia en razón do ámbito funcional e de actuación que ten esta área.

OBXECTIVOS OPERATIVOS E ACCIÓNS

As accións desenvolvidas pola Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria alíñanse co Eixo 4. Innovación do Plan de Acción Anual da ACIS.

Eixo 4. Innovación

- Obxectivo operativo 4.1: Promover a valorización dos resultados da investigación sanitaria e a cultura de innovación entre os profesionais do Sergas.
  Accións:
  - 4.1.1 Promover proxectos de valorización biosanitaria.
  - 4.1.2 Culminar o desenvolvemento dun novo marco normativo para a transferencia de resultados da I+D biomédica galega.
  - 4.1.3 Dinamizar os nodos de innovación.
- Obxectivo operativo 4.2: Promover a innovación aberta no sistema sanitario.
  Accións:
  - 4.2.1 Xestionar e coordinar o Plan de Innovación Código 100 en nome do Sergas.
  - 4.1.3 Por en marcha e desenvolver o proxecto *Living Lab* no hospital de Ourense.
  - 4.2..3 Coordinar e executar o proxecto EMPATTICS.
- Obxectivo operativo 4.3: Promover a internacionalización da innovación do Sistema Público de Saúde de Galicia.
  Accións:
  - 4.3.1 Garantir a posición de liderado de Galicia na rede do European Innovation artnership on Active and Healthy Ageing (EIP ON AHA).
  - 4.3.2 Coordinar e executar o proxecto TITTAN.
  - 4.3.3 Coordinar e executar o proxecto CodigoMais.
  - 4.3.4 Coordinar e executar o proxecto Regions4PerMed.
  - 4.3.5 Posicionar a Galicia no consorcio do European Institute of Innovation and Technology (EIT Health Spain)

2. VALORIZACIÓN DE RESULTADOS

De acordo co obxectivo operativo 4.1 Promover a valorización dos resultados da investigación sanitaria e a cultura de innovación entre os profesionais do Sergas, desenvolvéronse as tres actuación seguintes:

- Promover proxectos de valorización biosanitaria.
- Culminar o desenvolvemento dun novo marco normativo para a transferencia de resultados da I+D biomédica galega.
- Dinamizar os nodos de innovación.

PROXECTOS DE VALORIZACIÓN BIOSANITARIA

Durante o ano 2019, a Área de Planificación e Promoción da Investigación desenvolveu a convocatoria que ten por obxecto a articulación dunha axuda de concesión directa para a realización de actuacións de valorización e transferencia respectos dos proxectos seleccionados no ámbito do Programa de Desenvolvemento Precomercial dos Resultados da Investigación do Sistema de Saúde de Galicia (PRIS3) xestionados polas tres fundacións de investigación biosanitaria de Galicia (FIDIS, FPNS, FBGS) para o período 2019.

As propostas a desenvolver terán como obxectivo acadar unha investigación de excelencia e a consolidación dos centros de coñecemento en saúde de Galicia, e basearanse nas seguintes liñas e accións:

1. Liña de apoio á valorización dos resultados da investigación sanitaria (A4VAL): proxectos de desenvolvemento precomercial baseados nuns resultados de investigación ou experiencias preliminares xa contrastados e que mostren potencial de transferencia.
2. Liña de impulso a transferencia dos resultados da investigación sanitaria(A4TRANSF): proxectos que requiran validación clínica e/ou tecnolóxica dunha tecnoloxía sanitaria desenvolvida. Para estes efectos, enténdese por tecnoloxía sanitaria o conxunto de dispositivos e procedementos médicos ou cirúrxicos usados na atención sanitaria, incluíndo aos seus sistemas organizativos e de soporte.

As propostas presentadas polas tres fundacións son un total de 19 propostas presentadas e aprobadas, 12 delas na liña A4VAL e 7 na liña A4TRANS:

- Fundación Biomédica Galicia Sur (6):
  - Proxecto liña A4VAL. Ubicación de triaxe (UBITRI)

- Proxecto liña A4VAL. Dispositivo de continuidade para ileostomía derivativa. (Uileostomía)
- Proxecto liña A4VAL. Identificación e validación de compostos líderes con actividade antitumoral en cancro de colon (Hakin)
- Proxecto liña I4TRANSF. Composición para o tratamento dos efectos secundarios da radioterapia e da quimioterapia en pel (OncoLITIC)
- Proxecto liña I4TRANSF. Novos compostos senolíticos para o tratamento de enfermidades dexenerativas asociadas á idade (SenAGE)
- Proxecto liña I4TRANSF. AlTanto. App para recibir información sobre pacientes (AlTanto)

- Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (6):
  - Proxecto liña A4VAL. Amorodos para tratamento mecánico da periimplantitis (Periimplantitis)
  - Proxecto liña A4VAL. Nova terapia para a osificación heterotópica (NTPOH)
  - Proxecto liña A4VAL. Uso da obestatina como factor para mellorar as técnicas actuais de reparación do nervio periférico (NEMO -NEuroMuscular Obestatin-)
  - Proxecto liña A4VAL. Método epixenético para a deteción precoz en biopsia líquida de cancro colorrectal (EpiColon)
  - Proxecto liña A4VAL. Detección de BIomarcadores BACterianos y VÍRicos a pie de cama (BI-BACVIR)
  - Proxecto liña I4TRANSF. Terapia RNA para o tratamento do cancro, siRNA (ANARNA)
- Fundación Profesor Novoa Santos (7):
  - Proxecto liña A4VAL. Ubicación de triaxe (UBITRI)
  - Proxecto liña A4VAL. Desenvolvemento dun dispositivo médico para intubación de pacientes por vía aérea
  - Proxecto liña A4VAL. Dispositivo de continuidade para ileostomía derivativa
  - Proxecto liña A4VAL. Identificación e validación de compostos líderes con actividade antitumoral en cancro de colon (Hakin)
  - Proxecto liña I4TRANSF. App para recibir información sobre pacientes (AlTanto)
  - Proxecto liña I4TRANSF. Novos compostos senolíticos para o tratamento de enfermidades dexenerativas asociadas á idade (SenAGE)
  - Proxecto liña I4TRANSF. Composición para o tratamento dos efectos secundarios da radioterapia e da quimioterapia en pel (OncoLITIC)

MARCO NORMATIVO PARA A TRANSFERENCIA DE RESULTADOS DA I+D BIOMÉDICA

- Decreto 141/2018, do 25 de outubro, polo que se regula a protección, valorización e transferencia dos resultados de investigación, desenvolvemento e innovación no ámbito do Sistema público de saúde de Galicia, co obxecto de regular:
  - A titularidade e protección dos resultados da investigación e da innovación obtidos polo persoal investigador do Sistema público de Saúde Galicia.
  - O dereito á participación nos beneficios obtidos na explotación dos resultados da investigación por parte do persoal investigador do Sistema público de Saúde de Galicia.
  - As actuacións de valorización e de transferencia dos resultados da investigación ou innovación realizada polo persoal investigador do Sistema público de Saúde de Galicia, así como os mecanismos de transferencia para a súa explotación comercial.
- Modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, coa incorporación na Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dunha modificación do capítulo XI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, para introducir unha nova disposición adicional reguladora dun Sistema integrado de información da investigación clínica do Sistema Público de Saúde de Galicia, que dea cobertura a todos os centro que o compoñen para aproveitar ao máximo as sinerxías en investigación clínica e atraer terapias innovadoras en fases temperás de desenvolvemento, e respecto da cal se adoptarán un conxunto de medidas organizativas, tecnolóxicas e de seguridade dentro do Sistema Público de Saúde de Galicia. Así mesmo, incorpóranse determinados aspectos organizativos esixidos pola normativa de protección de datos no ámbito da investigación con datos de saúde, de conformidade co Regulamento de protección de datos e coa normativa estatal en materia de protección de datos.

NODOS DE INNOVACIÓN

Durante o ano 2019 convocáronse dúas reunións cos nodos da Plataforma de Innovación, os días 26 de xuño e 15 de outubro. Na reunión que tivo lugar o 26 de xuño presentouse a convocatoria dos Premios de Innovación en Saúde 2019, así como unha proposta de renovación e actualización das funcións da Plataforma e dos nodos de innovación. Na reunión do 15 de outubro infórmase da publicación da convocatoria dos Premios de Innovación en Saúde 2019 e do convenio asinado para a organización do evento de concesión destes; comunícase a continuación de Galicia como rexión de referencia (agora con 4 estrelas) no marco da iniciativa EIP on AHA e recóllense máis suxestións para a actualización da Plataforma.

A I edición dos Premios de Innovación en saúde 2019 convocáronse mediante unha resolución do 12 de setembro de 2019 publicada no DOG núm. 182 do 25 de setembro de 2019, para premiar as ideas innovadoras con potencialidade para entrar na Plataforma de Innovación.

As candidaturas puideron optar a dúas modalidades de participación segundo fosen presentadas por profesionais (persoal ao servizo do Sistema Público de Saúde de Galicia) ou pacientes (persoas físicas, organizacións ou asociación de pacientes sen ánimos de lucro). Unha vez rematado o prazo de presentación, o número de proxectos que optaron ao premio foron de 70 en total, correspondendo 56 á modalidade de idea de profesional e 14 á modalidade de idea de paciente.

Un representante de cada un dos nodos de innovación xunto co titular da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria constituirán o comité de selección para elixir un máximo de cinco candidaturas por cada modalidade de premio para a súa valoración posterior polo xurado.

As candidaturas que sexan galardoadas co premio deberán continuar no proceso de innovación aprobado pola Administración na Plataforma de Innovación Sanitaria para o seu posible desenvolvemento ou implantación no Servizo Galego de Saúde. Tamén poderán continuar no proceso de innovación aprobado pola Administración na Plataforma de Innovación Sanitaria para o seu acompañamento as catro ideas preseleccionadas e non galardoadas en cada unha das modalidades.

3. INNOVACIÓN ABERTA

Aliñadas co obxectivo operativo 4.2 Promover a innovación aberta no sistema sanitario, ao longo de 2019 leváronse a cabo as seguintes actuacións:

- Xestionar e coordinar o Plan de Innovación Código 100 en nome do Sergas.
- Por en marcha e desenvolver o proxecto Living Lab no hospital de Ourense.
- Coordinar e executar o proxecto EMPATTICS.

PLAN DE INNOVACIÓN CÓDIGO 100

Os principais fitos no proxecto Código 100 foron os seguintes:

1. Reunións do proxecto
2. Accións de difusión
3. Documentación de referencia
4. Licitacións de CPI en 2019
5. Tramitación dunha addenda ao convenio de colaboración asinado có MICIU
6. Xustificación do primeiro anticipo FEDER máis o 10% aportación nacional
7. Organización e participación en xornadas levadas a cabo en 2019

Reunións do proxecto

- Reunións do Comité de Dirección, de carácter bimestral, ás que asisten integrantes do Servizo Galego de Saúde, a Axencia de Coñecemento en Saúde e a oficina técnica, co obxectivo de informar dos avances no proxecto, tomar decisións de carácter estratéxico e planificar as próximas actuacións.
  Ao longo de 2019 realizáronse cinco reunións do Comité de dirección:
  - XV C.D 22.02.2019
  - XVI C.D 12.04.2019
  - XVII C.D 18.06.2019
  - XVIII C.D. 04.10.2019
  - XIX C.D. 10.12.2018
- Reunións técnicas de seguimento do convenio Código 100 có Ministerio de Ciencia, Universidades e Innovación (MICIU), inicialmente cuadrimestrais, e actualmente trimestrais, ás que asiste o coordinador xeral do proxecto, os directivos executivos e funcionais das tres liñas de actuación de Código 100 (empoderamiento, profesionais e terapias), representantes do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades (MICIU)

e a oficina técnica, onde se presenta a execución técnica e económica do proxecto e cuestións relacionadas coa xustificación do convenio (difusión, indicadores anexo VII convenio, presentación de contas xustificativas, etc.)

En 2019 celebráronse dúas reunións:

- I R.T 29-04-2019
- II R.T. 30-09-2019

- Comisións de seguimento do convenio Código 100, de carácter anual ordinario reguladas no convenio asinado có MICIU, ás que asiste o director do proxecto, as persoas designadas polo Servizo Galego de Saúde e o MICIU, e a oficina técnica, co obxectivo de presentar o estado do proxecto no referente a execución económica e técnica do proxecto, execución de accións de innovación do proxecto, cuestións relacionadas coa xustificación do convenio, difusión e comunicación do mesmo.

  En 2019 celebrouse unha reunión:

  - C.S. 19-11-2019

Accións de difusión

- Web e redes sociais.

  A través da web e das redes sociais do proxecto informase das actualizacións e últimos pasos realizados.

  - Twitter: 835 seguidos, 114 seguidores gañados nos catro meses anteriores á redacción deste memoria.
  - Facebook: 244 *likes*, cun lixeiro ascendo na tendencia.

- Soportes publicitarios.
  - Vídeo explicativo do proxecto Código 100, titulado “De cero a cien. Una aventura llena de salud”, accesible na URL: https://www.youtube.com/watch?v=SrflHQFjJOM&feature=youtu.be
  - Vídeo informativo sobre SIXPROF, a plataforma de xestión de profesionais baseada en competencias, accesible na URL: https://codigo100.Sergas.es/Contidos/Video-SIXPROF
  - Produtos de *merchandising* do proxecto que permite cumprir coas obrigas de difusión FEDER ao amparo do establecido no Anexo XII do regulamento 1303/2013 FEDER.

- Folleto xeral.

  En 2019, actualizouse o folleto xeral de Código 100, dispoñible na URL https://codigo100.Sergas.gal/Contidos/Documents/55/plegable_codigo100_v3_castellano_formatoweb.pdf

- Participación en premios 2019:
  - IX Premios CNIS 2019, na categoría Premio mellor proxecto de adecuación á nova Lei de Contratos do Sector Público. Código 100 quedou finalista.
  - Iª Edición Premios Amparo Poch. Código 100 presentase en dúas categorías, nos que o Servizo Galego de Saúde foi premiado finalista en 2 categorías: mellor compra pública de innovación en saúde e mellor iniciativa para o fomento da Compra Pública de Innovación

Documentación de referencia

Desde Código 100 traballouse na elaboración dunha *Guía de Consultas ao mercado 2.0*, o documento recolle as directrices, recomendacións e boas prácticas acerca das consultas preliminares ao mercado có obxectivo de transferir a experiencia do Servizo Galego de Saúde a outras entidades públicas. O documento publicarase e está dispoñible na URL: https://codigo100.Sergas.es/Contidos/Gu%C3%ADa-pr%C3%A1ctica-de-consultas-ao-mercado

Licitacións de CPI

A continuación, amósanse as táboas co estado das licitacións CPI a 31 decembro de 2019, na que se reflexa que as 15 licitacións de CPI se atopan contratadas.

Táboa 2. Licitacións de DPI. Liña de actuación "Empoderamento de pacientes"

Contratacións CPI	Data de fin segundo contrato	Data fin estimada
LN-SER1-18-040. Desenvolvemento e fase demostración dunha solución intelixente que facilite as tarefas do paciente para o autocontrol da diabetes	Data de contrato: 17/07/2019 Prazo fin: 31/05/2020	31/05/2020
LN-SER1-18-041. Desenvolvemento e fase de demostración dun sistema de asistente persoal (AVATAR) e un xerador de alertas intelixentes que aumente a autonomía do paciente	Data de contrato: 19/06/2019 Prazo fin: 31/05/2020	31/05/2020
LN-SER1-18-027. Plataforma de historia clínica persoal (PHR) para autoxestión da enfermidade e empoderamento de pacientes	Data de contrato: 18/07/2019 Prazo fin: 31/05/2020	31/05/2020
LN-SER1-18-029. Plataforma de xestión da relación cos usuarios - sistema CRM para pacientes	Data de contrato: 22/05/2019 Prazo fin: 31/05/2020	31/05/2020
DC-SER1-18-012. Desenvolvemento dunha plataforma para a xestión de homologación de dispositivos	Data de contrato: 02/05/2019 Prazo fin: 31/05/2020	31/05/2020

Táboa 3. Licitacións de DPI. Liña de actuación "Terapias avanzadas"

Contratacións CPI	Data de fin segundo pregos	Data fin estimada
AE-SER1-10-047. Dispositivo multicanle de abordaxe endoscópico flexible para a resección endoscópica de lesións rectais	Data de contrato: 07/05/2019 Prazo de execución: Prazo fin: 31/05/2020	31/05/2020
AE-SER1-19-003. Desenvolvemento e fase de demostración dun sistema de axuda á detección de diversas patoloxías (CADIA) baseado na análise de imaxe con técnicas de intelixencia artificial	Data de contrato: 15/10/2019 Prazo de execución: Prazo fin: 31/05/2020 ou 12 meses en caso de prórroga do convenio	31/05/2020
AE-SER1-19-005. Estudo de alteracións xenómicas en pacientes con cancro de pulmón	Data de contrato: 19/09/2019 Prazo de execución: Prazo fin: 31/05/2020 ou 10 meses en caso de prórroga do convenio	31/05/2020
AE-SER1-19-008. Lote 2: Biomarcadores diagnósticos en enfermidades reumatolóxicas	Data de contrato: 14/11/2019 Prazo de execución: Prazo fin: HEATH: 31/05/2020 ou 56 semanas en caso de prórroga do convenio UTE ALTIA y AMSLAB: 31/05/2020 ou 56 semanas en caso de prórroga do convenio	31/05/2020
AE-SER1-19-008. Lote 3: Biomarcadores diagnósticos en tumores	Data de contrato: 14/11/2019 Prazo de execución: Prazo fin: 31/05/2020 ou 56 semanas en caso de prórroga do convenio	31/05/2020
AE-SER1-19-025. Lote 1: Biomarcadores diagnóstico en enfermidades neurolóxicas	Data de contrato: 27/12/2019 Prazo de execución: Prazo fin: 31/05/2020 ou 44 semanas en caso de prórroga do convenio	31/05/2020

Táboa 4. Licitacións de DPI. Liña de actuación "Xestión de profesionais"

Contratacións CPI	Data de fin segundo contrato	Data fin estimada
AB-SER1-18-006. Desenvolvemento dun sistema de xestión de profesionais orientado á xestión por competencias que achegue innovación	Data de contrato: 23/05/2018 Prazo fin: 30/11/2019	31/03/2020
AB-SER1-18-004. Realización do servizo de desenvolvemento e validación dunha plataforma tecnolóxica que permita levar a cabo as actividades asociadas á xestión do coñecemento nunha organización sanitaria SHARE	Data de contrato: 04/07/2018 Prazo fin: 30/11/2019	31/03/2020
LN-SER1-19-004. Lote 1: Deseño e desenvolvemento dunha solución virtual formativa para o recoñecemento do ictus	Data de contrato: 29/07/2019 Prazo de execución: Prazo fin: 31/05/2020	31/05/2020
LN-SER1-19-004. Lote 2: Deseño e desenvolvemento dunha solución virtual formativa e de adestramento virtual para a mellora da respiración na precisión de tratamento de radioterapia e probas de imaxe	Data de contrato: 29/07/2019 Prazo de execución: Prazo fin: 31/05/2020	31/05/2020

Tramitación dunha addenda ao convenio de colaboración asinado có MICIU

Durante o 2018, aprobouse na Comisión de Seguimento Extraordinaria celebrada o 31/10/2018 a tramitación dunha addenda ao convenio asinado có MICIU que se asinou o 20/05/2019 para incorporar, entre outras, as seguintes modificacións:

- Ampliación do prazo de execución das actuacións ata o 16 de xuño 2020, de conformidade có establecido no parágrafo segundo da Cláusula Oitava ("Duración, prazo de execución do proxecto e prórroga").
- Reaxuste do orzamento dispoñible entre as diferentes partidas do convenio, e simplificación da táboa resumo no bloque de CPI, facendo constar unicamente os seguintes subapartados: consultas ao mercado, CPP e CPTI, cos seus correspondentes importes.
- Adaptación do Anexo II á normativa vixente.
- Ampliación, ata o 31 de outubro de 2019, do prazo establecido no Anexo XI ("Estado financeiro") para solicitar o segundo libramento, previa xustificación do gasto realizado polo importe correspondente ao primeiro libramento máis, alo menos do 10% da cofinanciación total que debe aportar o beneficiario.

Xustificación do primeiro anticipo FEDER máis o 10% aportación nacional

O 30/10/2019 presentouse a través do aplicativo Justiweb a xustificación de gastos correspondente o primeiro anticipo FEDER máis o 10& da aportación nacional (3.629.000€). Xustificouse un importe total de 3.912.071,76€.

Organización e participación en xornadas

En 2019, Código 100 participou en diferentes encontros profesionais.

- 21 Congreso Nacional de Hospitais. 08-10/04/2019
- Learning Expedition BIOJerusalen. 13.03.2019
- Expolearning. 28.03.2019
- IV Fórum Retos Internacionais do Ecosistema de Saúde. 23.10.2019 e 24.10.2019
- 5ª Semana da Innovación en Brasil celebrado o 07.11.19.
- II Foro Iberoamericano de CPI e Innovación Aberta. 27.11.2019 e 28.11.2019
- Fronteras de la Innovación Sanitaria. 12.12.2019 e 13.12.2019

PROXECTO LIVING LAB NO HOSPITAL DE OURENSE

Dende o 2018 a área de Desenvolvemento e Innovación da ACIS traballou na elaboración do Plan Funcional do Living Lab de Ourense. Neste documento se recollen as liñas de innovación/investigación centradas no paciente, a definición dos distintos espazos para a innovación (zonas de hospitalización experimental e o espazo de co-creación), os axentes que conforman o Living Lab de Ourense, o modelo de gobernanza, a metodoloxía baseada na desenvolvida pola European Network of Living Labs (EnoLL), e o marco estratéxico.

Os principais fitos no 2019 deste proxecto foron os que se relacionan a continuación.

Acción piloto proxecto TITTAN

ACIS logra unha das trece accións piloto do programa Interreg Europe para financiar a implantación dunha rede de Living Labs de saúde nas áreas sanitarias, chamada Labsaúde.

No ano 2018, de 133 plans de acción elaborados en proxectos de Interreg Europe, soamente trece accións piloto foron financiadas. A acción piloto presentada por ACIS dentro do plan de acción do proxecto TITTAN é unha desas 13 accións piloto aprobadas e financiadas.

Internacionalización do Living Lab

Para levar á practica esta iniciativa é necesario incorporar metodoloxías de traballo que satisfagan as motivacións de tódolos actores involucrados (comunidades de pacientes, profesionais sanitarios, e empresas). A European Network of Living Labs (EnoLL) é a federación internacional que agrupa aos mellores Livings Labs de Europa e do mundo. Fundada en novembro de 2006, esta rede creceu e ampliouse resultando aceptados máis de 300 Living Labs. Trátase dunha asociación internacional sen ánimo de lucro cuxa sede está en Bruxelas.

Por este motivo, ACIS participou no *Learning Lab Day* (Day 0) e no *Open Living Labs Days* (OLLD) ambos organizados pola EnoLL. Day 0 é un programa de capacitación realizado o 2 de setembro de 2019 en Tesalónica (Grecia). O programa ten dous niveis un para principiantes (Track 1) e outro para nivel intermedio/avanzado (Track 2) ao que asistiron os membros da ACIS. No Track 2 presentáronse dúas metodoloxías Living Lab ('Innovatrix' e o panel de xestión de usuarios e *stakeholders*), ambos importantes para levar á práctica esta iniciativa xa que permitiranos implantar novas metodoloxías de traballo.

OLLD é a reunión anual da comunidade que forman os Living Labs, de tres días de duración entre o 3 e o 5 de setembro en Tesalónica (Grecia), como continuación do Day 0. A

través de paneis de discusión interactivos, talleres prácticos con expertos líderes e visitas a socios locais, OLLD permitiu intercambiar contactos e coñecementos entre representantes de outros Living Labs e expertos en esta temática.

21 Congreso Nacional de Hospitais:

Entre o 8 e o 10 de maio celebrouse en Santiago de Compostela o 21 Congreso Nacional de Hospitais onda ACIS estivo presente durante todas as xornadas. Dende a Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria encargámonos da coordinación das actividade do Stand de Innovación do Servizo Galego de Saúde na área expositiva do Congreso. No stand puidéronse mostrar vídeos coas principais liñas de innovación que está a desenvolver o Sergas (plataforma loxística, punto de atención móbil, proxecto ACTIVAGE, plataforma de xestión de profesionais - SIXPROF) con especial incidencia nos desenvolvementos do plan de Innovación Código100.

Xornada “Fronteiras da Innovación Sanitaria 2019”:

Presentación da iniciativa LABSAÚDE nas xornadas “Fronteiras da Innovación Sanitaria 2019” organizadas por ACIS e Sergas no marco do proxecto Código100.

PROXECTO EMPATTICS

Os principais fitos neste ano no proxecto EMPATTICS foron os que seguen.

Presentación das ofertas para a Fase 2

Rematado o prazo de presentación de ofertas, recibiuse resposta dos cinco contratistas que licitaban para a fase 2 do proxecto. Non obstante, cando os representantes dos socios se reuniron o 17 de decembro para a apertura dos sobres, comprobouse que un dos contratistas (Disoles Lab Consortium) non presentara oferta para a segunda fase do procedemento PCP, senón unha carta de renuncia a participar na Fase 2

En canto ás ofertas técnicas dos catro contratistas restantes, logo da súa apertura polo consello de licitación, fixéronse chegar os comités de expertos rexionais das tres rexións de compradores Finalmente, o 21 de xaneiro, puxéronse as avaliación en común no Consello de avaliación de compradores, nunha reunión presencial celebrada na Casa de Galicia en Madrid. Dos resultados da avaliación e unha vez calculouse a media entre as distintas avaliacións; a conclusión foi que ningunha das ofertas avaliadas alcanzou o limiar mínimo necesario para

avanzar á segunda fase do procedemento PCP, destacando a escasa elementos innovadores das propostas avaliadas.

Os resultados sobre a avaliación técnica foron trasladados aos membros do Consello de Licitación que foron convocados o 23 de xaneiro 2019. Á vista de que ningunha das ofertas avaliadas alcanzou os 40 puntos necesarios para avanzar na fase 2, non se abriu ningunha oferta económica. Estes resultados foron comunicada á Autoridade de contratación.

Finalmente a Autoridade de contratación emitiu unha resolución ese mesmo día (23 de xaneiro) publicar os resultados da avaliación técnica dando por rematada a PCP ao non haber ofertas validas para pasar á segunda fase (segundo o apartado 4.7.4 do documento das especificacións de licitación).

Esta resolución foi comunicada aos licitadores ese mesmo día (23 de xaneiro), xunto cos informes de avaliación, e tamén se publicou na páxina web da web Proxecto EMPATTICS: http://empattics.eu/. Transcorrido o prazo de cinco días hábiles para presentar unha reclamación contra a resolución sen ter recibido ningunha reclamación, a resolución volveuse definitiva o 31 de xaneiro.

Elaboración do informe final e coordinación entre os socios

Despois da avaliación das ofertas técnicas da fase 2 do proxecto que se completaron en xaneiro de 2019, o Consello de avaliación de compradores concluíu que ningunha das ofertas analizadas acadara a calidade mínima ou o limiar requirido para avanzar na fase 2 do procedemento PCP. Consecuentemente, o consorcio, logo de obter a aprobación da Comisión Europea, decidiu rescindir o proxecto. Para iso, o febreiro de 2019 o coordinador presentou o notificación formal de rescisión, fixando a data de finalización do proxecto 15 de marzo. Despois comezou a elaboración do informe final do proxecto.

OUTRAS ACCIÓNS DIRIXIDAS A PROMOVER A INNOVACIÓN ABERTA NO SISTEMA SANITARIO

Xornada ZINKINN - Pensando en Innovación

ACIS e Sergas colaboraron con Roche Farma na organización dunha xornada de innovación (Santiago de Compostela, 29 de xuño) xunto á plataforma Zinkinn e o Massachusetts Institute of Technology (MIT) có fin de achegar as últimas tendencias tecnolóxicas e de innovación no ámbito da saude a nivel mundial a todos os axentes interesados.

Reto tecnolóxico INNOVATRIAL

Realización de accións e xuntanzas preparatorias da iniciativa lanzada polo Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial (CDTI), entidade pública empresarial adscrita ao Ministerio de Ciencia e Innovación, para fomentar o proceso de compra pública innovadora na modalidade de contratación precomercial, co obxecto de resolver necesidades públicas susceptibles de ser satisfeitas mediante a contratación de servizos de I+D a desenvolver por ámbalas partes (Consellería de Sanidade-Servicio Galego de Saúde-Acis).

Como resultados, traballouse nunha proposta de borrador de instrucións sobre un protocolo de centralización de datos de ensaios clínicos e lanzamento do reto tecnolóxico Innovatrial, abordar dunha maneira máis integral tódolos aspectos e necesidades asociadas á xestión de datos en ensaios clínicos e a súa interconexión coa actividade asistencial.

FID SALUD: Saúde 4.0 Microbioloxía

Durante o ano 2019 participouse activamente en xuntanzas e preparación da proxecto de Microbioloxía 4.0, FID Saúde 2019, no que se pretenden desenvolver actividades de investigación cun custe 5,7 millóns de euros.

Os obxectivos que se pretenden neste proxecto son:

- Desenvolvemento dunha plataforma tecnolóxica altamente específica, rápida, e totalmente automatizada que permita obter un diagnóstico microbiolóxico fiable de calquera patoloxía infecciosa a partir de calquera mostra clínica biolóxica, así como dos mecanismos de resistencia a antimicrobianos do patóxeno identificado nunha única xornada laboral dende que se recibe a mostra.
- Desenvolvemento dunha plataforma tecnolóxica, totalmente automatizada, baseada en metaxenómica e culturómica, que permita identificar cambios no microbioma humano asociados a enfermidades (cardiovasculares, diabetes, obesidade, fibrose pulmonar e demencia entre outras) a partir de mostras clínicas (feces maioritariamente) e a súa correlación con outras variables clínicas (*big data*) para establecer relacións inequívocas entre o cambio na microbioma e o cadro clínico que se vai a estudar.

En definitiva, preténdese desenvolver plataformas tecnolóxicas totalmente automatizadas que redundan de maneira clara e directa na saúde dos cidadáns: unha plataforma microbiolóxica de diagnóstico rápido (ultrarrápido) con detección temperá de bacterias resistentes aos antibióticos e outra plataforma de metaxenómica e culturómica acompañadas de ferramentas informáticas de última xeración e *Big Data*.

4. INTERNACIONALIZACIÓN

Enmarcadas no obxectivo operativo 4.2 Promover a innovación aberta no sistema sanitario, ao longo de 2019 leváronse a cabo as seguintes actuacións:

- Garantir a posición de liderado de Galicia na rede do European Innovation artnership on Active and Healthy Ageing (EIP ON AHA).
- Coordinar e executar o proxecto TITTAN.
- Coordinar e executar o proxecto CodigoMais.
- Coordinar e executar o proxecto Regions4PerMed.
- Posicionar a Galicia no consorcio do European Institute of Innovation and Technology (EIT Health Spain)

EUROPEAN INNOVATION PARTNERSHIP ON ACTIVE AND HEALTHY AGEING (EIP ON AHA).

Galicia logrou a cuarta estrela como rexión de referencia europea pola abordaxe integral do envellecemento activo e saudable da iniciativa EIP on AHA. A Comisión Europea recoñece a Galicia como *Reference Site* con catro estrelas, das catro posibles, no desenvolvemento e a adopción de prácticas innovadoras para un envellecemento activo e saudable no marco da iniciativa estratéxica European Innovation Partnership on Active and Healthy Ageing (EIP on AHA).

Como resultado da terceira convocatoria de *Reference Sites* 2019 no marco da iniciativa EIP on AHA, Galicia continúa como rexión de referencia pasando de ter tres estrelas a catro. Esta nova convocatoria realízase para a reacreditación dos *Reference Sites* da convocatoria anterior de 2016, e a incorporación de novas rexións ou organizacións locais.

O EIP on AHA, é unha iniciativa estratéxica cuxo obxectivo é aumentar a esperanza de vida saudable en dous anos para o 2020, ademais de mellorar a competitividade europea. Na súa primeira edición en 2013, Galicia foi recoñecida coma *Reference Site* con 2 estrelas e recibiu unha das cinco mencións de honra dadas pola Comisión para reflectir os logros conseguidos pola nosa historia clínica electrónica tanto en resultados como en integración. En concreto, os *Reference Sites* distinguiron aquelas rexións ou organizacións locais que destacaban por ofrecer exemplos concretos de servizos innovadores con valor engadido para os cidadáns e os sistemas de referencia nas rexións da UE.

Nesta nova convocatoria, a Comisión Europea sinala que as rexións como Galicia, acreditadas como *Reference Sites* demostraron a súa evolución e a existencia de estratexias integrais para avanzar en innovación para un envellecemento activo e saudable, baseado nun modelo de "cuádrupla hélice" que inclúe á industria, a sociedade, a academia e as autoridades gobernamentais a nivel rexional e local. Ademais engade que o status como *Reference Site* concédese a aqueles que demostraron excelencia no desenvolvemento, a adopción e escalado de prácticas innovadoras para un envellecemento activo e saudable, en liña cos obxectivos estratéxicos da cooperación do EIP on AHA e en particular coa *European Scaling up Strategy for Innovation in Active and Healthy Ageing*.

O recoñecemento outorgouse o 25 de setembro en Aarhus, Dinamarca, no marco da EIP on AHA Conference of partners organizada conxuntamente por primeira vez co AAL Forum 2019 sobre solucións dixitais para un estilo de vida activa e saudable.

PROXECTO TITTAN

Plan de acción e Acción piloto

O 21 de febreiro de 2019 foi aprobado e asinado o *Action Plan* (Plan de acción) e a *Pilot Action* (Acción Piloto) da ACIS co seu correspondente financiamento.

Nos últimos meses da primeira fase de intercambio e aprendizaxe de boas prácticas, ACIS traballou na elaboración do Plan de Acción para a implementación das lecciónsaprendidas en Galicia. Este documento foi enviado ao Secretariado Técnico de Interreg Europe o día 26 de setembro de 2018 e está encadrado nos dous anos que dura a fase de implementación das boas prácticas de TITTAN.

O Plan de Acción consiste na implantación dunha rede galega de *Living Labs* para facilitar a creación e posta en marcha de proxectos innovadores en entornos reais no que interactúan múltiples axentes, para dar resposta ás necesidades reais detectadas no sistema de saúde de Galicia.

Ademais, ACIS logrou a aprobación e o financiamento de Interreg Europe dunha Acción Piloto, para testar o modelo Living Lab en Ourense e así poder implantar un modelo xa testado e adaptado ás necesidades específicas do noso ecosistema de saúde no resto das áreas sanitarias de Galicia.

Difusión de boas prácticas no consorcio ITHACA

ACIS, como representante do proxecto TITTAN, participou na reunión do consorcio do proxecto de Interreg Europe ITHACA (París, 24 de xaneiro de 2019) co fin de axudarlles na elaboración dos seus *Action Plan*.

Durante a reunión, os socios do proxecto ITHACA puideron resolver as súas dúbidas e aprender da experiencia como líderes do proxecto encargados de axudar ó resto dos socios de TITTAN na elaboración de plans de acción.

Intervención no foro de cooperación interrexional "*Europe, let's cooperate*!"

Por invitación do Secretariado Técnico de Interreg Europe, ACIS participou como *speaker,* en representación do proxecto TITTAN, no evento organizado por Interreg Europe co título "*Europe, let's cooperate!",* que tivo lugar o 11 de abril de 2019 en Bruxelas.

Co título "Deseño de *Action Plans* de éxito", a sesión estivo centrada na elaboración destes e nos resultados como consecuencia da súa implementación.

Participación no w*orkshop* do proxecto MONITORIS3

ACIS participou no *workshop* do proxecto MONITORIS3 que tivo lugar en Santiago de Compostela, o 9 de xullo de 2019, en calidade de invitado, para compartir cos compañeiros de GAIN a experiencia adquirida na redacción dos plans de acción logo da aprobación do Plan de TITTAN.

Reunión na Casa de Galicia en Madrid

Os socios de TITTAN reuníronse na Casa de Galicia en Madrid para expoñer os avances na implementación dos seus respectivos plans de acción

Supuxo a primeira reunión do proxecto na súa segunda fase, co obxecto de compartir experiencias relacionadas coa implementación dos seus respectivos Plans de acción.

PROXECTO CODIGOMAIS.

Seguidamente detállanse os principais fitos neste ano 2019 no proxecto CodigoMais por cada unha das actividades nas que está dividido:

Actividade 1. Establecemento e consolidación do ecosistema innovador

Dentro da actividade 1 desenvolvéronse na anualidade precedente as accións A.1.1 (Análise das necesidades e características do Ecosistema Transfonteirizo de Innovación), A.1.2 (Elaboración do Plan Estratéxico do Ecosistema) e A.1.3. (Desenvolvemento da plataforma web do Ecosistema para o intercambio de información- HIPOD)

Durante 2017 e principalmente 2018 traballouse na detección de retos nos sistemas de saúde e oportunidades de mellora. Tras esta identificación clasificáronse os retos en función do seu impacto no sistema e a complexidade na execución, creándose grupos de traballo para xestionar a divulgación entre o ecosistema e organizando o desenvolvemento de solucións innovadoras para dar resposta aos retos. Neste contexto organizáronse dous *workshops* con *stakeholders* (un en Galicia e outro no Norte de Portugal).

En 2019, o 18 de xaneiro realizouse unha presentación pública do Plan Estratéxico do Ecosistema e da plataforma HIPOD (http://hipod.codigomais.eu/es/) organizada polo socio HCP nas instalacións da Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte (CCDR-N) na cidade de Porto, compartíndose así mesmo comentarios ao propio Plan Estratéxico, así como o know how e boas prácticas con outras iniciativas de cooperación trans-rexional.

Dende este evento, os beneficiarios responsables das tarefas de validación das organizacións do ecosistema seguiron realizando esta labor; asumindo o resto dos socios los beneficiarios a difusión da plataforma HIPOD, nutríndoa ademais de novos contidos e información de interese.

De modo que, con vistas ao traballo que resta por realizar en 2020, seguirase traballando na promoción da plataforma entre o público obxectivo así como na potencial integración do Marketplace descrito na Actividade 2 dentro de HIPOD.

Actividade 2. Valorización de proxectos de I+D e promoción de proxectos "áncora" no ecosistema

Respecto a esta actividade desenvolvéronse, na anualidade 2018, as accións A.2.1 (Elaboración dun catálogo de resultados de investigación e tecnoloxías) e A.2.2 (Selección de proxectos orientados ao mercado e valorización), seleccionándose por tanto nesta acción 2 os 9 proxectos orientados ao mercado e elaborándose os plans de valorización *ad hoc* para cada un deles.

Desta maneira, dende maio de 2018 pero principalmente en 2019 estanse a implementar os plans de valorización de oito dos nove proxectos seleccionados (dado que o proxecto do beneficiario 2CA-Braga non se puido executar finalmente):

- Oclusión Aórtica
- Hc-Crome
- AntiCD26
- Cariescope
- Bio2Skin
- Inspirers
- Dentisan
- Calendula

A selección destes proxectos cumpre o obxectivo de impulsar proxectos que cubran as necesidades do sistema público de saúde e a súa vez oportunidades de mercado. Entre estes proxectos atópanse desde dispositivos médicos, investigación relacionada coa medicina personalizada a aplicacións tecnolóxicas .

Os proxectos seleccionados contan con entre tres e catro fichas-bonos por unha cantidade total de aproximadamente 50.000 euros para poder realizar actividades que acheguen esta investigación ao mercado. Entre as actividades máis comúns a todos os proxectos destacan a protección industrial de determinadas tecnoloxías que se están valorizando, o desenvolvemento de plans de *marketing* comercial ou a realización de probas de laboratorio para validar determinadas solucións.

A fin de valorar e validar a execución dos diferentes fitos incluídos nos plans de valorización dos proxectos (análise dos avances realizados e cumprimento dos obxectivos fixados) constituíuse un *Advisory Board* (AB) integrado por diferentes representantes dos beneficiarios do proxecto, que durante 2019 organizou tres reunións:

- 14 de xuño de 2019
- 11 de novembro de 2019
- 4 de decembro de 2019

A primeira ficha-bono xa se fixo efectiva trala participación dos investigadores nunha semana de capacitación en transferencia e valorización no sector biomédico, na que recibiron formación sobre busca de inversores, redacción e negociación de licencias, plan de empresa, *marketing* dixital e valoración de tecnoloxías.

A continuación apórtase un esquema da situación a finais de 2019 dos fitos aprobados nestas tres reunións respecto dos proxectos en valorización:

Táboa 5. Proxectos en valorización

Proxecto	Entidade responsable	Fitos aprobados
Oclusión Aórtica	ACIS	Fitos 1 e 2
HC-Orome	ACIS	Fito 1
AntiCD26	ACIS	Fito 1
Cariescope	UVIGO	Fitos 1, 2 e 3
Bio2Skin	INL	Fito 1
Inspirers	FMUP	Fitos 1 e 2
Dentisan	USC	-
Calendula	USC	-

Os dous proxectos da USC (Dentisan e Calendula) aínda non foron presentados para validación ao *Advisory Board* debido a problemas coa execución dos seus respectivos fitos 1 que xeraron retraso na execución dos mesmos.

Por outra banda, en 2019 tamén se abordou a acción A.2.3 (Identificación e valoración de proxectos "áncora"), realizándose, nunha fase inicial, un traballo de identificación e valoración de dous ou tres proxectos para o que se organizaron dúas sesións a modo de *Think-tank*, con participación dos actores dos sistema de saúde Galicia-Norte de Portugal e os socios do proxecto.

Estes proxectos "áncora" definíronse como grandes proxectos capaces de atraer empresas/corporacións ao territorio; organizándose, neste senso, un *workshop* en Santiago de Compostela o 28 de marzo de 2019 para contar coa aportación dos distintos *stakeholders* do ecosistema de saúde da eurorrexión e cos socios de CodigoMais para definir proxectos "áncora" por cada espazo de especialización identificado.

Nesta reunión, á que asistiron 34 persoas, analizáronse cuestións como as medidas a adoptar para a implantación dos proxectos áncora identificados, fontes de financiación ou os fitos a acadar para a súa execución. Dende es evento identificáronse 4 proxectos áncora e, tras un traballo de consultor e gabinete, así como da consulta de expertos, elaborouse un documento para cada un onde se contemplan os diferentes aspectos para a súa implantación/promoción.

Estes proxectos áncora identificados foron os seguintes:

- Data Lake Transfronterizo

- Plataforma de Desenvolvemento Temperá de Medicamentos e Ensaios Clínicos
- Medicina Personalizada Xenómica
- Plataforma para a Integración de Servizos Sociosanitarios

Actividade 3. Innovación en servizos a través da innovación social

No que atinxe á innovación en servizos a través da innovación social, desenvolvéronse e practicamente están concluídas as accións A.3.1 (Identificación de áreas especialmente sensibles e realización dunha experiencia piloto transversal enfocada na xestión do paciente crónico), A.3.2. (Elaboración dunha guía metodolóxica para a realización de proxectos de innovación en procesos para a mellora da calidade e eficiencia baseadas na innovación social e asistencial) e A.3.3. (Realización dun plan de viabilidade dunha escola de Lean Healthcare na área de cooperación).

En relación á primeira acción, en 2019, o proxecto celebrou tres reunións no hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo (30 de xaneiro, 8 de abril e 23 de maio) e dúas no Complexo Hospitalario de Ourense (22 de abril e 4 de xuño) para continuar no proceso de identificación de áreas sensibles e planificación dos proxectos piloto de innovación en saúde.

Tras a identificación destas áreas especialmente sensibles impulsáronse os seguintes proxectos, dos que os dous primeiros foron xa practicamente finalizados en 2019:

- Mapeo do servizo de Urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro (Vigo) e identificación de potenciais problemas a resolver.
  Recibiuse moito interese e compromiso por parte dos responsables do hospital, que traballaron de maneira autónoma, realizándose con eles reunións semanais de seguimento (responsables da Universidade de Vigo e do hospital).
- Piloto preoperatorio co CHUO (Hospital Clínico Universitario de Ourense)
  Axilización do proceso de probas para que nun solo día se poidan facer todas as consultas pertinentes a persoas que en moitos casos viven lonxe do hospital e teñen unha idade avanzada.
  Tras a implantación da solución, esta comparouse coa dinámica previa a fin de comparar resultados.
- Piloto entre a Universidade de Vigo e a Facultade de Medicina da Universidade de Proto (FMUP)
  En Portugal traballaron inicialmente nun sistema de mensaxes a familiares de pacientes en urxencias.

Nos últimos meses de 2019 traballaron conxuntamente ambos organismos para corrixir os atrancos que xurdiran durante as primeiras fases de implementación do proxecto, accedendo a Universidade de Vigo a traballar no propio hospital nun contexto de coordinación (traballos e entregables) baixo a metodoloxía xa desenvolvida pola Universidade

Así mesmo, tamén se tiveron dúas reunións co persoal do Centro Clínico Académico de Braga (o 17 de xaneiro vía Skype e o 4 de abril presencialmente) e con membros do Servizo Galego de Saúde (3 de xaneiro e 21 de marzo) e de Portugal (19 de abril) de cara a coordinación do piloto transversal de innovación en saúde e co fin de coñecer en profundidade a situación en torno a xestión e seguimento dos enfermos crónicos.

Froito destas reunións elaborouse un primeiro borrador da metodoloxía para a execución desta experiencia transversal e un consenso sobre os enfermos crónicos prioritarios para centrar o estudo.

Este proxecto Piloto transversal está baseado, por tanto, na Diabetes tipo 2, co que se está traballando sobre a adherencia conxuntamente Universidade de Vigo, Braga e o Sergas. Sen embargo, en 2019 tiveron problemas na execución principalmente por dificultades para cadrar axendas – aínda que Braga, pola súa parte, está moi avanzada neste piloto – de modo que este proxecto transversal será definitivamente concluído en 2020.

Respecto da Guía metodolóxica, tras a elaboración de material de formación sobre a metodoloxía *Lean*, levouse a cabo un taller de mellora, durante tres sesións nos días 22, 24 e 29 de xullo, no que participou un grupo de 12 profesionais do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo formado por persoal médico, de enfermería e celadores/as do servizo de Urxencias, así como membros do departamento de calidade da EOXI Vigo.

Trala realización dunha formación *on-line* previa, ao longo destas tres xornadas, o grupo de traballo consolidou os conceptos fundamentais da filosofía *Lean* para a innovación en procesos sobre a base da mellora continua. Durante estas sesións leváronse a cabo traballos de campo para a optimización de procesos reducindo a fragmentación mediante a innovación organizativa. Esta acción completarase coa total execución da acción 3.1 – previsiblemente a inicios de 2020 – para poder extraer conclusións e lecciónsaprendidas en base aos resultados obtidos.

Finalmente, e no tocante ao Plan de Viabilidade da escola Lean Healthcare, este documento está tamén case finalizado, precisando da total implementación do conxunto dos proxectos piloto impulsados para a súa conclusión. Deste xeito, este entregable. aínda que está moi avanzado en 2019, estará completamente finalizado a comezos de 2020.

Actividade 4. Internacionalización do ecosistema innovador.

En 2019, en canto á internacionalización do ecosistema innovador, desenvolvéronse dunha maneira notoria as accións A.4.1 (Organización de estancias e intercambios de persoal das oficinas de transferencia e departamentos de I+D de organizacións da Área de Cooperación), A.4.2. (Establecemento de relacións con *hubs* europeos innovadores no ámbito sanitario) e A.4.3. (Elaboración dun Plan de Internacionalización do Ecosistema).

Respecto da primeira acción, representantes de Bioga e da ACIS realizaron os días 12 e 13 de marzo unha visita de intercambio de experiencias no Norte de Portugal, concretamente no INL, socio do proxecto.

Durante esta visita asistiron a unhas xornadas de formación impartidas por Start Up Braga, nas que a temática versou sobre Desenvolvemento de Negocio. Os asistentes puideron participar nos relatorios de expertos en aceleración e xestión de proxectos, nas que se realizaron diversas actividades como o modelo canvas, mapas de empatía, presentación de proxectos… Así mesmo, tiveron a ocasión de contrastar o seu modelo de negocio á finalización das xornadas cos expertos e recibir o f*eedback* pola súa parte de cara a mellorar o enfoque.

No que atinxe á acción de Establecemento de Relacións con Hubs Europeos innovadores no ámbito sanitario, compre resaltar a entrada de dous socios do proxecto (Bioga e CSG) no clúster internacional TIM Multihelix (https://www.multihelix.se/TIM) froito da misión ao ecosistema de saúde de Suecia e Dinarmarca que se realizou en novembro de 2018. A sinatura deste acordo configurase como unha vantaxe competitiva ao ofrecer unha plataforma de visibilidade dos clústeres galegos a nivel internacional, e unha oportunidade de colaboración interclúster centrada na dinamización de *hubs* de innovación europeos de temáticas especificas.

En relación coas misións propiamente ditas, en 2019 realizáronse tres misións directas e unha misión inversa:

- Misión directa a Israel. Nesta misión participaron ACIS e CSG do 11 ao 15 de marzo de 2019, podendo coñecer de primeira man os participantes o estado do sistema de innovación israelí, da man do ISERD (The Israel-Europe R&D Directorate) e a IIA (Israel Innovation Authority). Ademais, visitáronse varios hospitais de Israel e incubadoras, tendo a oportunidade o BP de reunirse coa persoa de contacto do B6 (INL) en Israel para avanzar na preparación da misión inversa que se celebrou en Braga.
- Misión directa a Holanda.
- Misión directa a Berlín e Dusseldorf, realizada do 18-21 de novembro coa participación de FMUP, 2CABraga, INL e USC. Nesta misión tívose a oportunidade de visitar a Trade

Fair MEDICA 2019, Charité, Innovation Network for Advanced Materials e a Scientific Park in Adlershof.

- Misión inversa a Braga, celebrada e organizada polo INL en Braga os días 3,4 e 5 de marzo de 2019. Pensando en convertela no mais atractiva propúxose solapala cun evento internacional na área de saúde dinamizado por HCP.

Finalmente, deseñouse e avanzouse no entregable do Plan de Internacionalización, pero este soamente se concluirá na fase final do proxecto, unha vez rematados os traballos desta actividade, a cal terá lugar no primeiro semestre de 2020.

PROXECTO REGIONS4PERMED

ACIS en colaboración co Servizo Galego de Saúde e coa Consellería de Sanidade, participa en calidade de socio no proxecto Regions4PerMed.

Regions4PerMed enmárcase no programa H2020 como accións de apoio (CSA) ao Consorcio Internacional de Medicina Personalizada baixo a convocatoria con referencia SC1-HCO-2018-2019-2020, e céntrase en aspectos rexionais.

No proxecto traballan seis organizacións de distintas rexións de Europa:

- Fondazione Toscana Life Sciences (TLS), coordinación (Toscana, IT)
- Sachsisches Staatsministerium fur Wissenschaft und Kunst (SMWK), beneficiario (Saxonia, AL)
- Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), beneficiario (Galicia, ES)
- Urzad Marszalkowski Wojewodztwa Dolnoslaskiego (UMWD), beneficiario (Baixa Silesia, PL)
- Fondazione Regionale per la Ricerca Biomedica (FRRB), beneficiario (Lombardía, IT)
- Uniwersytet Medyczny im Piastow Slaskich we Wroclawiu (WMU), beneficiario (Baixa Silesia, PL)

Regions4PerMed ten como obxectivo establecer a primeira cooperación interrexional no ámbito da Medicina Personalizada, aliñar estratexias e instrumentos financeiros, identificar áreas de inversión clave e lanzar unha axenda rexional europea para impulsar a prestación de servizos de Saúde Personalizada a pacientes e cidadáns. O proxecto comezou o 1 de novembro de 2018 e ten unha duración de 48 meses.

Conferencia en Milán o 9 e 10 de maio, no marco da Área Temática 1 (KA1)

O 9 de maio tivo lugar a primeira conferencia do proxecto Regions4PerMed en Milán no marco da área temática 1 na que o socio de Lombardía é o responsable dese paquete de traballo e encargado da organización da conferencia. A conferencia tivo lugar na sede da Rexión de Lombardía, e tratáronse temas relacionados coa primeira área temática, isto é *big data*, historia clínica electrónica, e a gobernanza. O día 10 de maio, os socios do proxecto tiveron a oportunidade afondar os temas tratados na conferencia do día anterior cunha visita *in situ* ás instalacións de LISPA (Lombardy Informatics) e a un biobanco (Fondazione I.R.C.C.S. Istituto Neurologico Carlo Besta).

ACIS participou no marco do proxecto europeo de medicina personalizada 'Regions4PerMed' no *workshop* titulado *'Big data,* historia clínica electrónica e gobernanza da saúde' os días 23 e 24 de setembro en Milán.

Workshop en Milán o 23 de setembro, no marco da Área Temática 1 (KA1)

O 23 de setembro tivo lugar o primeiro *workshop* en Milán no marco da área temática 1. No *workshop* afondáronse os temas tratados na conferencia de maio cunha participación aínda maior de representantes de universidades, hospitais e centros de investigación de diferentes rexións de Europa.

EUROPEAN INSTITUTE OF INNOVATION AND TECHNOLOGY (EIT HEALTH SPAIN).

A Unión Europea, a través do Instituto Europeo de Innovación e Tecnoloxía (EIT) busca integrar as tres vertentes do coñecemento en saúde -formación, investigación e innovación-. O Instituto Europeo de Innovación e Tecnoloxía (EIT) é un organismo independente da UE. Este instituto ten como obxectivo fortalecer a capacidade de innovación dos países da Unión Europea propiciando o talento empresarial e apoiando as ideas novas.

EIT Health é o maior organismo europeo para a innovación en saúde e ten como misión acelerar o emprendemento e a innovación en vida saudable e envellecemento activo, proporcionando novas oportunidades e recursos para o beneficio de todos os cidadáns.

ACIS é socio do nodo EIT Health Spain con efectos 1 de xaneiro 2020, xunto con outras entidades de toda España, entre elas -universidades, empresas, centros de investigación, hospitais e centros tecnolóxicos- todas elas líderes no seu sector e comprometidas coa innovación en saúde e o seu impacto na mellora da calidade de vida dos cidadáns.

ÁREA DE PLANIFICACIÓN E PROMOCIÓN DA INVESTIGACIÓN SANITARIA

1. INTRODUCIÓN

A Área de Planificación e Promoción da Investigación Sanitaria é unha unidade administrativa dependente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, de acordo co Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión de Coñecemento en Saúde (DOG núm. 157 do 19 de agosto de 2015).

Dende a súa creación, é a unidade responsable da planificación, promoción, coordinación, execución e avaliación da investigación sanitaria do sistema público de saúde de Galicia, e a súa misión principal é realizar investigación traslacional da máxima calidade, aproximando os resultados da investigación básica, clínica e de servizos sanitarios ó Sistema Galego de Saúde, ó paciente e á sociedade en xeral.

A aposta e apoio á investigación ten ido evolucionando, dende unha primeira fase inicial de estruturación co obxectivo de mellorar e impulsar a súa xestión en termos de número de investigadores, proxectos de investigación, financiamento e resultados, pasando a unha fase actual que tenta dar un impulso das actividades de investigación cara a súa consolidación e orientación estratéxica que permita mellorar o seu impacto, tanto en termos de contribución o desenvolvemento socioeconómico de Galicia como no coidado eficiente da saúde das persoas.

A principal panca para conquistar estes obxectivos, é a Estratexia Sergas 2020 que recolle as directrices do Servizo Galego de Saúde e que está concibida para xerar un proceso de transformación e modernización do actual sistema sanitario que tiña como obxectivo para o ano 2019 mellorar a saúde dos cidadáns galegos, mediante a prestación de servizos sanitarios efectivos, eficientes e de calidade, de forma equitativa.

As liñas de acción operativas en materia de investigación para o ano 2019 da Estratexia Sergas 2020 foron:

- O inicio e desenvolvemento dun modelo corporativo de xestión do coñecemento na organización e poñer en valor a figura do investigador en Galicia.
- O deseño de propostas formativas innovadoras adaptadas ás necesidades dos profesionais e do entorno, co obxectivo de desenvolver e coordinar un modelo de innovación aberta, así como atracción, promoción e coidado do talento investigador en saúde.

Neste senso, foi preciso, por un lado establecer unha carreira investigadora, cun marco legal axeitado e dotar de maior estabilidade aos profesionais que desenvolven a súa actividade

no ecosistema galego de investigación. Por outro lado, mellorar a visibilidade do seu traballo de cara a sociedade, conseguir melloras estruturais e maior acceso a oportunidades de financiamento, así como favorecer a conexión coa contorna empresarial.

Este obxectivo recolle un modelo integral de desenvolvemento que ten como fin principal incrementar a masa crítica de investigadores altamente cualificados que desenvolvan o seu labor no Sistema Público de Saúde de Galicia, para o que se precisa consolidar unha estrutura de apoio aos investigadores que lles permita a súa integración e desenvolvemento da súa actividade científica ao máximo nivel de competitividade. A existencia dunha estrutura de apoio potente actúa como facilitador para atraer e reter profesionais altamente cualificados e competitivos.

DESTINATARIOS/AS

Para o desempeño desta tarefa, ACIS colabora cos profesionais do Servizo Galego de Saúde cuxa labor investigadora se desenvolve principalmente nos institutos de investigación sanitaria (IIS) de Galicia: Instituto de Investigación Biomédica de A Coruña (INIBIC), Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS) e o Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur (IISGS), que ten como misión principal realizar investigación traslacional de máxima calidade, aproximando os resultados da investigación básica, clínica e de servizos sanitarios ó Sistema Galego de Saúde, ó paciente e á sociedade en xeral.

FUNCIÓNS

- Planificar, promover, coordinar e avaliar a investigación sanitaria de calidade en función dos criterios e obxectivos definidos polo Servizo Galego de Saúde e a consellería competente en materia de sanidade, e de acordo coa política xeral da Xunta de Galicia en materia de I+D+i.
- Elaborar a estratexia integral de protección, valorización e transferencia de resultados da I+D+i sanitaria, implicando a tódolos axentes que forman o sistema sanitario de Galicia así como á ACIS.
- Promover proxectos e programas de Investigación en materia sanitaria derivados das prioridades de investigación sanitaria da Comunidade Autónoma de forma coordinada con outros organismos con competencias na materia.
- Coordinar, realizar o seguimento e avaliación dos institutos de investigación sanitaria, o impulso de estruturas de investigación en rede entre eles, así como a implantación e xestión dun sistema de avaliación da capacidade investigadora.
- Realizar o seguimento e avaliación científica das fundacións de investigación sanitaria vencelladas ó Servizo Galego de Saúde, promovendo a interacción entre os centros e a

súa conexión co resto do sistema de ciencia e tecnoloxía, especialmente co sistema universitario.

- Coordinar e facer o seguimento dos biobancos de investigación do Servizo Galego de Saúde e outros instrumentos que permitan o desenvolvemento de investigación en biomedicina e biotecnoloxía, mediante a xestión integrada de mostras biolóxicas clasificadas.
- Definir a política de selección de persoal investigador e desenvolver o seguimento e avaliación dos investigadores estables do Sistema público sanitario de Galicia.
- Medir e difundir de forma pública e transparente os resultados das actividades de I+D+i biomédica conseguidos polos diferentes actores que integran o Sistema público de saúde de Galicia, e velar polo cumprimento da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, e da Lei 5/2013, de 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación en Galicia, no relativo á difusión dos resultados da I+D+i en formatos de acceso aberto.
- Velar polo cumprimento das disposicións sobre a protección de resultados de investigación e innovación desenvolvidos polos profesionais do Sistema público de saúde de Galicia recollidas na normativa regulatoria da valorización e transferencia dos resultados de investigación, desenvolvemento e innovación no ámbito da consellería competente en materia de sanidade, o Servizo Galego de Saúde e as súas entidades instrumentais.
- Propoñer a convocatoria de becas, axudas e premios, e outras medidas de fomento da investigación sanitaria, así como o seu seguimento, asesoramento, difusión de resultados, e apoio a investigadores e rexistros na materia.
- En xeral, cantos asuntos lle sexan encomendados pola Xerencia da Axencia en razón do ámbito funcional e de actuación que teña esta área.

OBXECTIVOS OPERATIVOS E ACCIÓNS

As accións desenvolvidas pola Área de Xestión de Coñecemento e Talento alíñanse co Eixo 3. Investigación do Plan de Acción 2019 da ACIS.

Eixo 3. Investigación

- Obxectivo operativo 3.1: Consolidar unha contorna de investigación atractiva para a retención, captación e desenvolvemento de persoal investigador altamente cualificado.

  Accións:

  3.1.1 Consolidar unha estrutura de Servizo de Apoio ao investigador para dar resposta ás súas consultas e resolución de incidencias.

3.1.2 Promover o desenvolvemento dunha política de recursos humanos que facilite a obtención da acreditación Human Resources Excellence in Research nos Institutos de Investigación Sanitaria (IIS) de Galicia.

3.1.3 Promover melloras nas condicións de traballo e favorecer o desenvolvemento profesional do persoal investigador.

- Obxectivo operativo 3.2: Impulsar e consolidar o tecido de estruturas de apoio á investigación.

  Accións:

  3.2.1 Promover o aceso de pacientes a ensaios clínicos.

  3.2.2 Utilizar a aplicación Sophos para incorporar a produción científica dos Institutos de Investigación Sanitaria (IIS).

  3.2.3 Potenciar os biobancos adscritos ao Sergas.

  3.2.4 Participación nos mecanismos de goberno e vinculación con axentes de investigación autonómicos e nacionais.

  3.2.5 Proporcionar soporte á xestión de procesos de transferencia de resultados de investigación do Sistema Público de Saúde de Galicia

2. CONTORNA DE INVESTIGACIÓN

Aliñadas co obxectivo operativo 3.1 Consolidar unha contorna de investigación atractiva para a retención, captación e desenvolvemento de persoal investigador altamente cualificado, traballouse en tres liñas de actuación:

- Consolidar unha estrutura de Servizo de Apoio ao Investigador e ao persoal/técnicos de apoio á investigación vinculados (ou con vinculación potencial) ao Sistema Público de Saúde de Galicia (SPSG) para dar resposta ás consultas e resolución de incidencias.
- Facilitar a obtención da acreditación Human Resources Excellence in Research nos Institutos de Investigación Sanitaria (IIS) de Galicia.
- Promover melloras nas condicións de traballo e favorecer o desenvolvemento profesional do persoal investigador.

ESTRUTURA DE APOIO

Todas as accións destináronse ó reto de facilitar a interlocución dos investigadores coas administracións públicas e outros axentes implicados na contorna investigadora e prestarlles apoio nos temas de xestión e administrativos para optimizar o seu tempo de dedicación á súa actividade investigadora e a súa integración nos centros do Sistema Público de Saúde de Galicia.

Ao longo do ano 2019, leváronse a cabo as seguintes actuacións:

- Asesoramento e orientación na xestión administrativa na presentación de propostas a convocatorias públicas: AES 2019, MINECO 2019, GAIN 2019 (Ignicia, Predoc e Postdoc, etc.)
- Tarefas de interlocución e intermediación coas distintas axencias públicas de financiamento (ISCIII, GAIN) para a resolución de dúbidas no marco da presentación de axuda, seguimento de axudas concedidas e incidencias xurdidas.
- Realización de accións informativas para dar a coñecer o procedemento interno para a presentación de solicitudes, co fin de apoiar a tramitación e presentación de solicitudes perante os distintos organismos de financiamento.
- Xestión de solicitudes de axudas e documentación de seguimento de axudas concedidas e revisión para a tramitación da firma do representante legal do Servizo Galego de Saúde como centro beneficiario.
- Colaboración coa Consellería de Educación e GAIN para a avaliación de solicitudes de axudas Predoutorais da área de Saúde/Biomedicina

Como resultados atendéronse a práctica totalidade das incidencias e consultas formuladas.

ACREDITACIÓN HUMAN RESOURCES EXCELLENCE IN RESEARCH

Promovéronse e iniciáronse políticas de recursos humanos que ten como reto conseguir a implicación dos profesionais e responsables ao servizo do Sistema Público de Saúde de Galicia e a posta en marcha das accións xa recollida no GAP Analysis co obxecto de acadar as melloras necesarias para a obtención da acreditación HR Excellence in Research que permitan consolidar contornas de investigación atractivas para a retención e captación de investigadores biosanitarios.

Para iso, desenvolvéronse, no ano 2019:

- Accións para a comunicación e difusión do propósito de adhesión á iniciativa entre tódolos profesionais e responsables dos centros.
- Accións de coordinación coas unidades con competencias en materia de RRHH e/ou investigación para promover o desenvolver unha política de RRHH que facilite a obtención da acreditación “Human Resources Excellence in Research” nos Institutos de Investigación Sanitaria (IIS) de Galicia.

Como resultados, completouse un dossier metodolóxico para a preparación do Plan de Acción para a implantación do selo.

MELLORAS NAS CONDICIÓNS DE TRABALLO E DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL

Ao longo do 2019 desenvolvéronse accións co reto de promover a integración do persoal investigador no Sistema Público de Saúde de Galicia e de coordinación para o establecemento dun sistema de desenvolvemento profesional que facilite o incremento da masa crítica estable de investigadores altamente cualificados que poidan desenvolver a súa actividade científica ao máximo nivel de competitividade.

Para iso leváronse a cabo as seguintes actuacións:

- Execución de tarefas en coordinación con investigadores e persoal de xestión dos institutos de investigación sanitaria co obxecto de revisar a situación de diferentes

colectivos de investigación en relación coa avaliación para a continuidade de contratos de investigación estabilizados e trámites administrativos pertinentes a levar a cabo.

- Realización de xuntanzas con fin de promover accións de modo conxunto coa Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde e a Dirección Xeral de Función Pública para analizar e propor un marco regulador de contratación dos investigadores no Sistema Público de Saúde de Galicia.
- Accións de coordinación coas unidades con competencias en materia de Recursos Humanos e Investigación e co persoal investigador ao servizo do Sistema Público de Saúde de Galicia, co obxecto de mellorar a súa participación nas OPEs.
- Traballos preparatorios e de desenvolvemento dunha proposta-borrador do marco normativo que regule a contratación en réxime laboral do persoal investigador do ámbito sanitario de Galicia. Un cambio normativo en aras de acadar un maior impulso neste ámbito, para contribuír á eficiencia das nosas estruturas xeradoras de coñecemento, potenciar o crecemento e consolidación profesional do persoal investigador no ámbito sanitario e favorecer a transferencia e posta en valor dos resultados da actividade investigadora.

Como resultados, acordáronse a posta en marcha dunha folla de ruta que permita un cambio do marco normativo para establecer o réxime xurídico do persoal investigador laboral que realice tarefas de investigación no ámbito sanitario, as que se realicen dentro do ámbito dun proxecto específico e novidoso así como as actividades de investigación ou a dirección de equipos humanos, centros de investigación, instalacións e programas científicos e tecnolóxicos singulares prestando os seus servizos nas entidades do Sistema Público de Saúde de Galicia

3. ESTRUTURAS DE APOIO

O aumento de grupos de investigación biosanitaria a nivel nacional e europeo, que non se acompañou en paralelo dun aumento de financiamento, xerou unha contorna de investigación altamente competitiva. Este feito obriga a repensar a orientación do ecosistema, apostando por unha maior especialización e fortalecendo a actividade dos grupos de investigación co obxectivo de impulsar e consolidar o tecido de estruturas de apoio á investigación.

Para afrontar os retos que se presentan, denda ACIS, como elemento nucleador da actividade investigadora no ámbito sanitario, considerase necesario:

1. Promover o aceso de pacientes a ensaios clínicos.
2. Utilizar a aplicación Sophos para incorporar a produción científica dos Institutos de Investigación Sanitaria (IIS).
3. Potenciar os biobancos adscritos ao Sergas.
4. Participar nos mecanismos de goberno e vinculación con axentes de investigación autonómicos e nacionais.
5. Promocionar soporte á xestión de procesos de transferencia de resultados de investigación do Sistema Público de Saúde de Galicia.

ACESO DE PACIENTES A ENSAIOS CLÍNICOS

Trátase dun conxunto de actividades encamiñadas a reforzar a realización e inclusión de pacientes en ensaios clínicos co dobre reto de potenciar o papel do Comité Autonómico de Ética de Investigación Clínica e facilitar o acceso a novas opcións terapéuticas a tódolos pacientes de Galicia.

Ao longo do ano 2019, promovéronse as seguintes accións:

- Xuntanzas para incidir no reforzo e potenciación das estruturas de apoio á investigación, como o Comité Ético de Investigación de Galicia, plataformas de ensaios clínicos, etc., en canto ferramentas transversais de gran valor para potenciar a actividade investigadora sanitaria en Galicia.
- Xuntanzas de traballo para a elaboración e mellora de procedementos para facilitar a derivación de doentes a ensaios abertos en Áreas Sanitarias distintas a que lle corresponde, favorecendo así a igualdade de oportunidades no acceso a ensaios clínicos entre pacientes de distintas Áreas Sanitarias de Galicia

- Elaboración dun borrador de instrucións sobre obrigatoria comunicación dos novos ensaios abertos por parte das Fundación ao CEIC.
- Incorporación na Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dunha modificación do capítulo XI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, para introducir unha nova disposición adicional reguladora dun sistema integrado de información da investigación clínica do Sistema Público de Saúde de Galicia, que dea cobertura a todos os centros que o compoñen para aproveitar ao máximo as sinerxías en investigación clínica e atraer terapias innovadoras en fases temperás de desenvolvemento, e respecto da cal se adoptarán un conxunto de medidas organizativas, tecnolóxicas e de seguridade dentro do Sistema Público de Saúde de Galicia. Así mesmo, incorpóranse determinados aspectos organizativos esixidos pola normativa de protección de datos no ámbito da investigación con datos de saúde, de conformidade co Regulamento de protección de datos e coa normativa estatal en materia de protección de datos.
- Realización de accións e xuntanzas preparatorias de la iniciativa lanzada por el Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial (en adiante, CDTI), entidade pública empresarial adscrita ao Ministerio de Ciencia e Innovación, para fomentar o proceso de compra pública innovadora na modalidade de contratación precomercial, co obxecto de resolver necesidades públicas susceptibles de ser satisfeitas mediante a contratación de servicios de I+D a desenvolver por ámbalas partes (Consellería de Sanidade-Servicio Galego de Saúde-ACIS).

Como resultados, traballouse nunha proposta de borrador de instrucións sobre un protocolo de centralización de datos de ensaios clínicos e lanzamento do reto tecnolóxico Innovatrial, abordar dunha maneira máis integral tódolos aspectos e necesidades asociadas á xestión de datos en ensaios clínicos e a súa interconexión coa actividade asistencial.

APLICACIÓN SOPHOS

Trátase de desenvolver aquelas actuacións de apoio e asesoramento para que a ferramenta Sophos poida clasificar axeitadamente a produción científica dos investigadores dos IIS, mellorando a súa visibilidade e contribuíndo a difusión desta produción científica.

Ao longo do ano 2019, tiveron lugar accións de formación e resolución de dúbidas para a utilización da aplicación Sophos para incorporar a produción científica dos Institutos de Investigación Sanitaria (IIS)

Como resultados, deuse resposta as dúbidas presentadas ao persoal técnico responsable nos centros para que incorporen a produción científica.

BIOBANCOS

Co reto de poñer en valor a actividade dos biobancos, en canto unidades dotadas de persoal e equipamento especializado que xestionan unha colección de mostras biolóxica concibidas, entre outros, con fins de investigación biomédica, esta acción tenta difundir e impulsar, o traballo destas unidades nos diferentes hospitais, promover que continúen ofertando recursos para proxectos de investigación.

Ao longo do 2019, leváronse a cabo accións dirixidas a dar soporte e difundir o traballo dos biobancos, así como a consolidación da Rede Galega de Biobancos, que tenta avanzar cara un modelo de funcionamento integrado entre os biobancos adscritos ao Servizo Galego de Saúde.

Realizáronse reunións da ACIS por parte dun grupo de traballo interno creado para a elaboración dunha proposta para definir un marco regulador da Rede Galega de Biobancos.

Como resultado, definiuse a necesidade de regulamentar e divulgar estas unidades, a través do impulso da Rede Galega de Biobancos.

GOBERNO E VINCULACIÓN CON AXENTES

Trátase de actividades relacionadas coa participación da ACIS nos consellos reitores dos IIS, nos padroados das fundacións de xestión da investigación sanitaria e noutras plataformas de colaboración científica en rede nacionais con capacidades de decisión en políticas de investigación, medidas ou programas de promoción científica e innovación relacionados co ámbito da saúde (CIBER, CNIO, CECBE, Plataforma SEIS, etc.) ou entidades autonómicas (GAIN).

En 2019, cabe destacar:

- Participación nas accións desenvolvidas en distintas áreas temáticas do Consorcio Centro de Investigación Biomédica en Red (CIBER), no marco do convenio de colaboración con el, e no Ciberned.
- Reunión co Comité Científico de Galicia do CECBE (Centro Español para los Cuidados de Salud Basados en la Evidencia) e do Servizo de Integración Asistencial para Deseño da Estratexia de Difusión de Actividades do CECBE, no marco do Convenio de

colaboración co Centro Español para os Coidados de Saúde baseados na Evidencia do Instituto Joanna Briggs (CECBE)

O resultado foi a presencia activa nas principais redes nacionais de promoción científica.

TRANSFERENCIA DE RESULTADOS

Todas as accións están destinadas ó reto de contribuír á xestión de patentes, acordos de licenzas e acordos de cotitularidade dos resultados de investigación dos investigadores do Servizo Galego de Saúde.

Durante o ano 2019 leváronse a cabo as actividades relacionadas co soporte a procesos de xestión de transferencia de resultados da investigación desenvolvida por investigadores e profesionais do Servizo Galego de Saúde que se describen a continuación.

Titularidade e protección de resultados

A titularidade dos dereitos de explotación dos resultados da investigación desenvolvida polo persoal investigador ao servizo do Sistema Público de Saúde de Galicia correspóndenlle á Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou, de ser o caso, ás entidades para as que o persoal investigador preste os seus servizos, tal como se establece na normativa estatal e autonómica na materia.

Cómpre mencionar que, aínda que a ACIS ten encomendada a protección, valorización e transferencia de resultados de investigación no ámbito sanitario, a titularidade deses dereitos correspóndelle ao Servizo Galego de Saúde.

Por outra parte, é habitual asinar acordos de cotitularidade cando hai resultados compartidos con outras institucións (na súa maior parte coas universidades do SUG e as fundacións de investigación sanitaria). No acordo de cotitularidade establécese a porcentaxe de propiedade ou de participación na invención, ademais de regular as condicións da xestión da súa eventual explotación comercial. Para determinar a porcentaxe de reparto, tense en conta a medida en que os investigadores contribuíran á consecución dos resultados, aínda que tamén se consideran outras variables coma o financiamento, recursos humanos, experiencia previa, etc.

A protección dos resultados da investigación faise co obxectivo de obter o seu dereito de explotación en exclusiva e para que, posteriormente, poidan ser licenciados a calquera empresa interesada na súa explotación. Deste modo a protección dos resultados de investigación

convertese nunha condición indispensable para que se poida producir a transferencia efectiva dos resultados e para que acaben beneficiando a sociedade. A propiedade industrial protexe todas as creacións que están relacionadas coa industria: patentes e modelos de utilidade, signos distintivos e deseños. A propiedade intelectual refírese entre outras cousas a: creacións científicas (ex.: libros, artigos), obras audiovisuais, programas de ordenador, bases de datos nas que a estrutura sexa creación intelectual etc.

A través das Fundacións de Investigación Sanitaria, a ACIS recibe a comunicación dos resultados de investigación con potencial de explotación. As solicitudes de invención son obxecto de análise para a toma de decisión sobre a patentabilidade e estratexia de protección que aplicar e, deste modo, no ano 2019 solicitáronse catorce patentes prioritarias e dúas PCT, dous modelos de utilidade, un deseño Industrial e un rexistro de software.

Cabe destacar que no ano 2019 ACIS colaborou no Programa para o deseño, desenvolvemento, implantación e validación dunha metodoloxía da avaliación de carteira tecnolóxica, promovido pola GAIN e con participación, entre outras entidades, das fundacións de investigación sanitaria e das universidades da SUG. O antedito programa ten o obxectivo principal de dotar aos axentes de transferencia do sistema galego de I+D+i dunha metodoloxía homoxénea para a realización de avaliacións áxiles e efectivas das súas carteiras tecnolóxicas, contribuíndo así na mellora das súas capacidades para o desenvolvemento dos procesos de valorización.

Táboa 6. Relación de solicitudes de patentes no ano 2019

Ano solicitude	Ámbito	Acrónimo invención	Titularidade Sergas	Fundación xestora	Data solicitude prioridade
2019	Nacional	Depresión mayor. Nanoestructuras plasmónicas biofuncionales	20,00%	FBGS	10/01/2019
2019	Europa	GENVIP	33,30%	FIDIS	05/02/2019
2019	Europa	Heterotopic Ossifica	84,00%	FIDIS	11/02/2019
2019	Nacional	Dispositivo intubación	100,00%	FPNS	20/02/2019
2019	Europa	Live Attenuated Vaccines. Klebsiella Pneumoiae	22,50%	FPNS	22/03/2019
2019	Europa	Acromegalia	50,00%	FIDIS	26/03/2019
2019	Europa	Linc473	90,00%	FIDIS	15/04/2019
2019	Nacional	Oleuropeína	45,00%	FPNS	25/04/2019
2019	Europa	Estenosis Carotidea	15,00%	FIDIS	20/05/2019
2019	Nacional	Simulpulse	20,00%	FIDIS	12/06/2019
2019	Nacional	Péptidos Modificados	2,50%	FPNS	30/07/2019

2019	Nacional	Sirna Tiroides	33,00%	FIDIS	13/08/2019
2019	Europa	Humanized Mouse	25,00%	FIDIS	26/09/2019
2019	Europa	Babies Valve	100,00%	FPNS	02/10/2019

Táboa 7. Relación de solicitudes de patentes ampliadas no ano 2019

Ano solicitude inicial	Ámbito	Acrónimo invención	Titularidade Sergas	Fundación xestora	Data solicitude prioridade
2019	PCT	Depresión Mayor. Proyecto Spuch. Nanoestructuras Plasmónicas Biofuncionales	20,00%	FBGS	10/01/2019
2019	PCT	Dispositivo Intubación. Rita Galeiras	100,00%	FPNS	20/02/2019

Táboa 8. Relación de solicitudes de modelos de utilidade no ano 2019

Ano solicitude	Ámbito	Acrónimo invención	Titularidade Sergas	Fundación xestora	Data solicitude prioridade
2019	Nacional	Rodetes	90,00 %	FIDIS	24/01/2019
2019	Nacional	Baby Protector	100,00 %	FPNS	12/08/2019

Táboa 9. Relación de deseños industriais no ano 2019

Ano solicitude	Ámbito	Acrónimo invención	Titularidade Sergas	Fundación xestora	Data solicitude prioridade
2019	Europa	Baby Protector	100,00 %	FPNS	13/08/2019

Táboa 10. Relación de deseños industriais no ano 2019

Ano solicitude	Ámbito	Acrónimo invención	Titularidade Sergas	Fundación xestora	Data solicitude prioridade
2019	Marca e programa de ordenador	LIPO-DDX	50,00 %	FIDIS	08/07/2019

Incentivos ó persoal investigador: o dereito á participación nos beneficios obtidos na explotación dos resultados.

No referente á participación nos beneficios obtidos pola explotación dos resultados de investigación, o Decreto 141/2018, do 25 de outubro, establece o seguinte reparto:

1. Un 50% para o persoal investigador que teña a consideración de autor ou inventor dos resultados de investigación.

2. Un 30% para a Consellería de Sanidade, Servizo Galego de Saúde ou as súas entidades instrumentais, a través do centro onde preste os seus servizos o persoal investigador.
3. Un 20% para a promoción de actividades de I+D+i sanitario, as cales serán xestionadas pola ACIS.

Das licenzas formalizadas nos anos anteriores, a única que supuxo ingresos económicos foi a licenza a Corneal Project, S.L., pola explotación da tecnoloxía *Biomarkers for diagnosis and prognosis of corneal ectasia* (Patente EP 15382060.0), ingresos correspondentes ao canon anual dado que non houbo marxe temporal para a obtención de beneficios por regalías sobre ventas.

Explotación mediante licenzas e *spin-off* dos resultados de investigación e innovación.

En 2019 traballouse na explotación comercial dos resultados de investigación a través da promoción de explotación de licenzas e a creación de *spin-offs*, sen por elo prexudicar a protección do interese público. Ao peche do ano non houbo novos acordos de licenzas que se fixeran efectivas este ano. En canto a *spin-offs*, no momento da redacción desta memoria hai unha *spin-off* activa participada polo Servizo Galego de Saúde: Nasasbiotech, S.L e tres *spin-offs* en proceso de creación: Biobalmis, E-motional training e Nanoevers.

Tarefas de apoio e xestión coas unidades de transferencia das fundacións e institutos de Investigación.

Asistencia na identificación de resultados susceptibles de protección así como velar polo cumprimento das disposicións sobre a protección dos resultados de investigación e innovación desenvolvidos polos profesionais do Sistema público de saúde de Galicia.

Tramitación dos acordos de cotitulariedade, licenzas, etc. en colaboración co Servizo de Patrimonio do Servizo Galego de Saúde, Asesoría Xurídica e Subdirección de Xestión Económica Patrimonial das Entidades Instrumentais do Servizo Público Autonómico.

Tarefas de apoio e xestión das actividades do proxecto CodigoMais relativas a promoción de proxectos de valorización biosanitaria.

Os principais fitos no ano 2019 no proxecto CodigoMais foron os correspondentes á Actividade 2. Valorización de proxectos de I+D, coa implantación dos tres plans de valorización seleccionados:

- Oclusión Aórtica
- HC-Orome

- AntiCD26

A selección destas accións cumpriu o obxectivo de impulsar proxectos que cubran as necesidades do sistema público de saúde e a súa vez oportunidades de mercado. Entre estes proxectos atópanse desde dispositivos médicos, investigación relacionada coa medicina personalizada a aplicacións tecnolóxicas.

Os proxectos seleccionados contan con tres ou catro fichas-bonos por unha cantidade total de aproximadamente 50.000 euros para poder realizar actividades que acheguen esta investigación ao mercado. Entre as actividades máis comúns a todos os proxectos destacan a protección industrial de determinadas tecnoloxías que se están valorizando, o desenvolvemento de plans de *marketing* comercial ou a realización de probas de laboratorio para validar determinadas solucións.

A fin de valorar e validar a execución dos diferentes fitos incluídos nos plans de valorización dos proxectos (análise dos avances realizados e cumprimento dos obxectivos fixados) constituíuse un Advisory Board (AB) integrado por diferentes representantes dos beneficiarios do proxecto, que durante 2019 organizou 3 reunións:

- 14 de xuño de 2019
- 11 de novembro de 2019
- 4 de decembro de 2019

A continuación aportase un esquema da situación a finais de 2019 dos fitos aprobados nestas tres reunións respecto dos tres proxectos en valorización:

Táboa 11. Fitos aprobados respecto dos proxectos en valorización a finais de 2019

Proxecto	Entidade Responsable	Fitos Aprobados
Oclusión Aórtica	ACIS	Fitos 1 e 2
HC-Orome	ACIS	Fito 1
AntiCD26	ACIS	Fito 1

4. OTRAS ACTUACIÓNS

PLAN DE INNOVACIÓN CÓDIGO 100

Tarefas de apoio a xestión da liña de terapias do plan de Innovación Código 100

Durante o ano 2019 participouse activamente en xuntanzas de coordinación do comité de Código100, así como de coordinación coa oficina técnica, difusión e asesoramento na fase de licitación dos distintos pregos da liña de terapias.

Así mesmo, participouse nas seguintes xuntanzas:

- Comité de Dirección
  Reunións de carácter bimestral, ás que asisten integrantes do Servizo Galego de Saúde, a ACIS e a oficina técnica, o obxectivo é o de informar dos avances no proxecto, tomar decisións de carácter estratéxico e planificar as próximas actuacións.
  Ao longo de 2019, realizáronse cinco comités de dirección:
  - XV Comité de Dirección, o 22 de febreiro de 2019
  - XVI Comité de Dirección, o 12 de abril de 2019
  - XVII Comité de Dirección, 18 de xuño de 2019
  - XVIII Comité de Dirección, o 4 de outubro 2019
  - XIX Comité de Dirección, o 12 de decembro de 2019
- Reunións técnicas de seguimento do convenio Código 100 có Ministerio de Ciencia, Universidades e Innovación (MICIU).
  Reunións inicialmente cuadrimestrais e actualmente trimestrais, ás que asiste o coordinador xeral do proxecto, os directivos executivos e funcionais das tres liñas de actuación de Código 100 (empoderamento, profesionais e terapias), representantes do MICIU e a oficina técnica, onde se presenta a execución técnica e económica do proxecto e cuestións relacionadas coa xustificación do convenio (difusión, indicadores anexo VII convenio, presentación de contas xustificativas, etc.)
  En 2019 celebráronse dúas reunións:
  - I Reunión técnica, o 29 de abril de 2019
  - II Reunión técnica, o 30 de setembro de 2019
- Comisións de seguimento do convenio Código 100.
  Reunións de carácter anual ordinario reguladas no convenio asinado có MICIU, ás que asiste o director do proxecto, as persoas designadas polo Servizo Galego de Saúde e o MICIU, e a oficina técnica, o obxectivo é presentar o estado do proxecto no referente a execución económica e técnica do proxecto, execución de accións de innovación do

proxecto, cuestións relacionadas coa xustificación do convenio, difusión e comunicación do mesmo.

En 2019 celebrouse unha comisión de seguimento do convenio, o 19 de novembro de 2019.

Participación en premios

Código 100 participou na 1ª Edición dos Premios Amparo Poch, nos que o Servizo Galego de Saúde foi premiado como finalista en dúas categorías:

- Mellor compra pública de innovación en saúde.
- Mellor iniciativa para o fomento da Compra Pública de Innovación.

Colaboración na organización e participación en xornadas

En 2019, Código 100 participou en diferentes encontros profesionais con varios relatorios:

- Learning Expedition BIOJerusalen, o 13 de marzo de 2019
- 5ª Semana da Innovación en Brasil, o 7 de novembro de 2019.
- II Foro Iberoamericano de CPI e Innovación Aberta, o 27 de novembro de 2019 e o 28 de novembro de 2019
- Fronteras de la Innovación Sanitaria, o 12 e 13 de decembro de 2019.

PROGRAMA PRIS3

Durante o ano 2019, desenvolveuse a convocatoria que ten por obxecto a articulación dunha axuda de concesión directa para a realización de actuacións de valorización e transferencia respecto dos proxectos seleccionados no ámbito do Programa de Desenvolvemento Precomercial dos Resultados da Investigación do Sistema de Saúde de Galicia (PRIS3), xestionadas polas tres fundacións de investigación biosanitaria de Galicia (FIDIS, FPNS, FBGS).

As propostas a desenvolver terán como obxectivo acadar unha investigación de excelencia e a consolidación dos centros de coñecemento en saúde de Galicia, e basearanse nas seguintes liñas e accións:

1. Liña de apoio a valorización dos resultados da investigación sanitaria (A4VAL): proxectos de desenvolvemento precomercial baseados nuns resultados de investigación ou experiencias preliminares xa contrastados e que mostren potencial de transferencia.

2. Liña de impulso á transferencia dos resultados da investigación sanitaria(A4TRANSF): proxectos que requiran validación clínica e/ou tecnolóxica dunha tecnoloxía sanitaria desenvolvida. Para estes efectos, enténdese por tecnoloxía sanitaria o conxunto de dispositivos e procedementos médicos ou cirúrxicos usados na atención sanitaria, incluíndo aos seus sistemas organizativos e de soporte.

As tres fundacións presentaron dezanove propostas que foron aprobadas, doce na liña A4VAL e sete na liña A4TRANSF:

- Fundación Biomédica Galicia Sur (6):
  - Proxecto liña A4VAL: Ubicación de triaxe (UBITRI).
  - Proxecto liña A4VAL: Dispositivo de continuidade para ileostomía derivativa. (Uileostomía).
  - Proxecto liña A4VAL: Identificación e validación de compostos líderes con actividade antitumoral en cancro de colon (Hakin).
  - Proxecto liña I4TRANSF: Composición para o tratamento dos efectos secundarios da radioterapia e da quimioterapia en pel (OncoLITIC).
  - Proxecto liña I4TRANSF: Novos compostos senolíticos para o tratamento de enfermidades dexenerativas asociadas á idade (SenAGE).
  - Proxecto liña I4TRANSF: AlTanto. App para recibir información sobre pacientes (AlTanto).
- Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (6):
  - Proxecto liña A4VAL: Amorodos para tratamento mecánico da periimplantitis (Periimplantitis).
  - Proxecto liña A4VAL: Nova terapia para a osificación heterotópica (NTPOH).
  - Proxecto liña A4VAL: Uso da obestatina como factor para mellorar as técnicas actuais de reparación do nervio periférico (NEMO -NEuroMuscular Obestatin-).
  - Proxecto liña A4VAL: Método epixenético para a deteción precoz en biopsia líquida de cancro colorrectal (EpiColon)
  - Proxecto liña A4VAL: Detección de BIomarcadores BACterianos y VÍRicos a pie de cama (BI-BACVIR).
  - Proxecto liña I4TRANSF: Terapia RNA para o tratamento do cancro, siRNA (ANARNA).
- Fundación Profesor Novoa Santos (7):
  - Proxecto liña A4VAL: Ubicación de triaxe (UBITRI)
  - Proxecto liña A4VAL: Desenvolvemento dun dispositivo médico para intubación de pacientes por vía aérea.

- Proxecto liña A4VAL: Dispositivo de continuidade para ileostomía derivativa.
- Proxecto liña A4VAL: Identificación e validación de compostos líderes con actividade antitumoral en cancro de colon (Hakin)
- Proxecto liña I4TRANSF: App para recibir información sobre pacientes (AlTanto).
- Proxecto liña I4TRANSF: Novos compostos senolíticos para o tratamento de enfermidades dexenerativas asociadas á idade (SenAGE).
- Proxecto liña I4TRANSF: Composición para o tratamento dos efectos secundarios da radioterapia e da quimioterapia en pel (OncoLITIC).

PROXECTO CPI MICROBIOLOXÍA

Durante o ano 2019 participouse activamente en xuntanzas e preparación da proxecto de Microbioloxía 4.0, FID Saúde 2019, no que se pretenden desenvolver actividades de investigación cun custe de 5,7 millóns de euros.

Os obxectivos que se pretenden neste proxecto son:

1. Desenvolvemento dunha plataforma tecnolóxica altamente específica, rápida, e totalmente automatizada que permita obter un diagnóstico microbiolóxico fiable de calquera patoloxía infecciosa a partir de calquera mostra clínica biolóxica, así como dos mecanismos de resistencia a antimicrobianos do patóxeno identificado nunha única xornada laboral dende que se recibe a mostra.
2. Desenvolvemento dunha plataforma tecnolóxica, totalmente automatizada, baseada en metaxenómica e culturómica, que permita identificar cambios no microbioma humano asociados a enfermidades (cardiovasculares, diabetes, obesidade, fibrose pulmonar e demencia entre outras) a partir de mostras clínicas (feces maioritariamente) e a súa correlación con outras variables clínicas (Big Data) para establecer relacións inequívocas entre o cambio na microbioma e o cadro clínico que se vai a estudar.

En definitiva, preténdese desenvolver plataformas tecnolóxicas totalmente automatizadas que redundan de maneira clara e directa na saúde dos cidadáns: unha plataforma microbiolóxica de diagnóstico rápido (ultrarrápido) con detección temperá de bacterias resistentes aos antibióticos e outra plataforma de metaxenómica e culturómica acompañadas de ferramentas informáticas de última xeración e *Big Data*.

UNIDADE DE ASESORAMIENTO CIENTÍFICO TÉCNICO

1. INTRODUCIÓN

A Unidade de Asesoramento Científico-Técnico, Avalia-t é unha unidade administrativa dependente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), que se encarga da avaliación de tecnoloxías sanitarias, segundo o disposto no Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión de Coñecemento en Saúde (DOG núm. 157 do 19 de agosto de 2015).

Desde a súa creación no ano 1999, Avalia-t é a unidade responsable de avaliar a información científica dispoñible sobre a eficacia, efectividade, seguridade e eficiencia das tecnoloxías sanitarias e valorar o seu impacto sanitario, organizativo, económico e social. Por tecnoloxía sanitaria enténdese calquera intervención que poida ser utilizada na promoción da saúde, prevención, diagnóstico ou tratamento dunha enfermidade, rehabilitación ou coidados prolongados. O termo **tecnoloxía sanitaria** inclúe por tanto os medicamentos, os dispositivos, os procedementos médicos e cirúrxicos, así como os sistemas organizativos dentro dos cales se proporciona a atención sanitaria.

DESTINATARIOS/AS

A información elaborada por Avalia-t diríxese principalmente aos profesionais sanitarios e aos órganos xestores do sistema de saúde, pero tamén se realiza un importante esforzo para ofrecer produtos específicos dirixidos ás necesidades dos pacientes e coidadores.

Por tanto, os informes e demais produtos de Avalia-t póñense a disposición dos diferentes actores do sistema sanitario para que sexan utilizados como base na súa toma de decisións, garantindo así a seguridade e a eficiencia das tecnoloxías sanitarias utilizadas no sistema de saúde.

FUNCIÓNS

- Seleccionar as tecnoloxías sanitarias, novas ou en uso, susceptibles de avaliación, pola súa repercusión.
- Deseñar estudos específicos de investigación en avaliación de tecnoloxías.
- Promover a investigación especificamente dirixida a obter a información necesaria para a avaliación de tecnoloxías fomentando a colaboración entre as universidades, os centros, unidades de investigación, as empresas e outras institucións.
- Analizar e revisar a información científica relacionada coa avaliación das tecnoloxías sanitarias e a súa difusión entre os profesionais e os servizos sanitarios.

- Analizar a difusión e os patróns de utilización das tecnoloxías médicas de maior impacto en termos de saúde ou económicos no sistema sanitario, principalmente en relación coa súa accesibilidade, demanda potencial e utilización apropiada.
- Promover a utilización apropiada das tecnoloxías médicas mediante deseño, elaboración e difusión de guías de práctica clínica, recomendacións e participación na aplicación das tecnoloxías sanitarias nos distintos enfoques: prevención, diagnóstico, tratamento e rehabilitación.
- Colaborar e participar asesorando na creación e desenvolvemento de programas de avaliación de tecnoloxías sanitarias, nos diferentes niveis de decisión.
- Recomendar o desenvolvemento de sistemas de información dirixidos a obter a documentación necesaria para a avaliación de tecnoloxías.

OBXECTIVOS OPERATIVOS E ACCIÓNS

As accións desenvolvidas pola Unidade de Asesoramento Científico-Técnico, Avalia-t, en 2019 foron as que se enumeran a continuación, ao redor dos obxectivos operativos do Eixo 5. Avaliación do Plan de Acción 2019 da ACIS.

Eixo 5. Avaliación

- Obxectivo operativo 5.1: Realizar informes de avaliacións de tecnoloxías sanitarias, así como a súa posterior difusión, solicitados pola Consellería de Sanidade ou o Sergas, pola RedETS ou os organismos europeos competentes en avaliación de tecnoloxías sanitarias.

  Accións:

  5.1.1 Realizar informes de avaliación de tecnoloxías sanitarias para a Comisión Asesora e a Consellería de Sanidade ou o Sergas.

  5.1.2 Realizar os informes de avaliación de tecnoloxías sanitarias solicitados pola RedETS.

  5.1.3 Realizar actividades encomendadas polos organismos europeos relacionados coa avaliación de tecnoloxías dos que forma parte a Unidade de Asesoramento Científico Técnico, Avalia-t.

  5.1.4 Difusión dos informes de avaliación e doutros produtos elaborados a través das redes sociais, artigos publicados en revistas científicas, boletíns electrónicos e participación en congresos e outras reunións e xornadas científicas.

  5.1.5 Levar a cabo a detección e avaliación preliminar de tecnoloxías emerxentes.

- Obxectivo operativo 5.2: Elaborar guías de práctica clínica e colaborar na realización doutros produtos baseados na evidencia científica así como desenvolver outras actividades propias da unidade.

  Accións:

  5.2.1 Realizar as guías de práctica clínica (GPC) ou outros produtos baseados na evidencia (OPBE) encargados pola "Red Española de Agencias de Evaluación de Tecnologías Sanitarias y Prestaciones del Sistema Nacional de Salud (SNS)".

  5.2.2 Elaborar guías e ferramentas metodolóxicas que incidan nunha maior calidade e uniformidade dos produtos elaborados polas distintas unidades e axencias de avaliación de tecnoloxías sanitarias das comunidades autónomas e países europeos.

  5.2.3 Formación práctica en materias de postgrao relacionadas coa documentación e a avaliación de tecnoloxías sanitarias.

  5.2.4 Participación en grupos de traballo, comisións ou comités de interese estratéxico para a Consellería de Sanidade.

2. INFORMES DE AVALIACIÓN DE TECNOLOXÍAS SANITARIAS

Aliñadas co obxectivo operativo 5.1 Realizar informes de avaliacións de tecnoloxías sanitarias, así como a súa posterior difusión, solicitados pola Consellería de Sanidade ou o Sergas, pola RedETS ou os organismos europeos competentes en avaliación de tecnoloxías sanitarias, as accións desenvolvidas por Avalia-t en 2019 foron as seguintes:

- Realizar informes de avaliación de tecnoloxías sanitarias para a Comisión Asesora e a Consellería de Sanidade ou o Sergas.
- Realizar os informes de avaliación de tecnoloxías sanitarias solicitados pola RedETS.
- Realizar actividades encomendadas polos organismos europeos relacionados coa avaliación de tecnoloxías dos que forma parte a Unidade de Asesoramento Científico Técnico, Avalia-T.
- Difusión dos informes de avaliación e doutros produtos elaborados a través das redes sociais, artigos publicados en revistas científicas, boletíns electrónicos e participación en congresos e outras reunións e xornadas científicas.
- Levar a cabo a detección e avaliación preliminar de tecnoloxías emerxentes.

INFORMES PARA A COMISIÓN ASESORA, A CONSELLERÍA DE SANIDADE E O SERGAS

Avalia-t ten entre as súas principais funcións a emisión de informes a petición da Comisión Asesora para a Incorporación de Técnicas, Tecnoloxías ou Procedementos, órgano colexiado de carácter permanente e consultivo dependente da Secretaría Xeral, así como responder a consultas ou peticións de informes de outras unidades da Consellería.

Informes solicitados

- Epiduroscopia para o Síndrome de cirurxía fallida de costas e a Estenose do canal lumbar por hipertrofia do ligamento amarelo.
- Tratamiento de varices mediante ablación térmica por radiofrecuencia ou ablación non témica mediante cianoacrialato.
- Termoplastia bronquial para a asma aguda grave.
- Ablación de miomas uterinos con radiofrecuencia.
- Dispositivo reductor fluxo de seo coronario: prótese REDUCER (para anxina refractaria a outros tratamentos).

- Sistema de navegación virtual esterotáctica CAS One IR navigation system (tecnoloxía de posicionamento intraoperatorio).
- Reavaliación utilización PET-Amiloide para a avaliación do deterioro cognitivo (incluida Enfermidade de Alzheimer).

Informes elaborados en 2019

- Efectividad y seguridad de la epiduroscopia en el tratamiento del síndrome de cirugía fallida de espalda y de estenosis espinal lumbar. En revisión externa
- Tratamiento endovascular de venas varicosas en extremidades inferiores: Ablación por radiofrecuencia y mediante adhesivo venoso cianocrilato.

Informes presentados na Comisión en 2019 e publicados

- Utilidad diagnóstica y clínica del PET cerebral de amiloide en deterioro cognitivo leve, enfermedad de Alzheimer u otras demencias. Puñal Riobóo, J; Triñanes Pego, Y.
- Ablación por láser o radiofrecuencia en el tratamiento del cáncer recurrente de tiroides. Maceira-Rozas MC, Cantero-Muñoz P, Mori-Gamarra FC.
- Tratamiento de nódulos tiroideos benignos mediante ablación térmica láser o radiofrecuencia (adaptado a formato Ministerio). Cantero Muñoz P, Mori Gamarra FC, Maceira Rozas MC.

Estudo de especial seguimento a través de Vixía

A petición da Comisión Asesora, no momento de redacción desta memoria, Avalia-t está desenvolvemento un estudio de especial seguimento a través de Vixía: “Endoprótesis de gel AqueSys XEN® en el Glaucoma Primario de Ángulo Abierto”.

Outras peticións

Así mesmo, a petición da Dirección Xeral de Saúde Pública, Avalia-t está elaborando o informe “Biomonitorización de los metabolitos del hexaclorociclohexano (HCH) como marcadores de exposición aguda e o crónica al HCH”.

Colaboración co Consello Asesor de Pacientes

Durante 2019 colaborouse co Servizo Xeral de Atención ao Cidadán para a articulación dunha actividade formativa para pacientes en avaliación de tecnoloxías sanitarias. A proposta presentouse ao Consello Asesor de Pacientes o 21 de outubro de 2019 e o curso desenvolverase no 2020.

INFORMES DE AVALIACIÓN DE TECNOLOXÍAS SANITARIAS SOLICITADOS POLA RED ETS

A Red Española de Agencias de Evaluación de Tecnologías Sanitarias y Prestaciones del Sistema Nacional de Salud (RedETS) está formada polas axencias ou unidades de avaliación de tecnoloxías sanitarias das Comunidades Autónomas e da Administración Xeral do Estado. As axencias traballan de maneira coordinada cunha metodoloxía común e baixo o principio do recoñecemento mutuo e a cooperación. A Rede creouse polo Consello Interterritorial do SNS en 2012 co fin de promover a calidade, eficiencia e sustentabilidade en avaliación de tecnoloxías sanitarias no SNS.

Os principios que inspiran esta acción son a coherencia coas prioridades do SNS; a solidez e rigor científicos dos traballos e informes que se elaboran; a independencia, ao carecer de conflitos de intereses que poidan mediatizar o seu labor; a transparencia e carácter participativo nos seus procesos; e a colaboración interna e externa con actores e partícipes no sistema sanitario (profesionais, sociedades científicas, pacientes e industria).

As axencias e unidades integrantes da RedETS son as seguintes:

- Servicio de Evaluación de Tecnologías Sanitarias del Gobierno Vasco (Osteba).
- Agencia de Calidad y Evaluación Sanitarias de Cataluña (AQUAS).
- Unidade de Asesoramento Científico-técnico, Avalia-t. Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS).
- Agencia de Evaluación de Tecnologías Sanitarias de Andalucía (AETSA).
- Instituto Aragonés de Ciencias de la Salud (IACS).
- Servicio de Evaluación y Planificación del Servicio Canario de Salud (SESCS).
- Unidad de Evaluación de Tecnologías Sanitarias (UETS), Comunidad de Madrid.
- Agencia de Evaluación de Tecnologías Sanitarias (AETS). Instituto de Salud Carlos III.
- Forman parte da rede como coordinadores a Dirección General de Cartera Básica de Servicios del Sistema Nacional de Salud y Farmacia de Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social (MSCBS) e a Dirección General de Salud Pública, Calidad e Innovación, Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social (MSCBS).

INFORMES DE AVALIACIÓN

Os informes de avaliación son documentos nos que se avalía unha tecnoloxía sanitaria mediante unha revisión sistemática da literatura científica, na que se valora a eficacia/efectividade, seguridade e ademais pode incluír unha avaliación económica; un análise

de impacto orzamentario; un análise de aspectos organizativos; e un análise ético/legal. Estes son os informes nos que se traballou en 2019:

Informes en elaboración

- Magnetoterapia en el tratamiento del dolor. Puñal Riobóo J, Montes Villalba RA, Mejuto Martí T, Casal Acción B, Faraldo Vallés MJ.
- Efectividad y seguridad del dispositivo de asistencia ventricular izquierda (DAVI) como terapia de destino en edad pediátrica. Puñal Riobóo J, Varela-Lema L.
- Nutrición enteral domiciliaria oral en el paciente con cáncer en tratamiento activo y con desnutrición grave que no revierte mediante la ingesta única de alimentos de consumo ordinario.
- Programa de cribado neonatal del SNS: Efectividad clínica del cribado neonatal de la hiperplasia suprarrenal congénita. Actualización y análisis de los programas autonómicos.
- Modelos organizativos para la provisión de cuidados paliativos.
- Terapia humoral para el tratamiento de distintas condiciones clínicas.
- Nutrición enteral domiciliaria en pacientes con desnutrición proteico-energética severa después de fractura de cadera.
- Nutrición enteral domiciliaria oral en pacientes oncológicos que requieren modificación de la dieta oral por mucositis, aunque no exista desnutrición.
- Cribado neonatal de la inmunodeficiencia combinada grave: análisis coste-efectividad. García Pérez L, Cantero Muñoz P. Coautoría co Servizo Canario de Evaluación (SECS).
- Coste-efectividad de la trombectomía mecánica para el tratamiento del ictus isquémico. Valcárcel Nazco C, Puñal Riobóo J. Coautoría co servizo canario de evaluación (SECS).

Informes maquetados e/ou publicados

- Electroporación irreversible en el tratamiento de cáncer de hígado y páncreas. Adaptación del informe de EUnetHTA. Zapata Cachafeiro M, Varela Lema L, Fuchs E, Faraldo Vallés MJ.
- Resultados comparados de las distintas estrategias de cribado para el T21, T18 y T13: Adaptación del informe de EUnetHTA. Puñal Riobóo J, Lema Varela L.
- Tratamiento de nódulos tiroideos benignos mediante ablación térmica láser o radiofrecuencia. Cantero Muñoz P, Mori Gamarra FC, Maceira Rozas MC.
- Programa de cribado neonatal de enfermedades endocrinometabólicas del SNS. Efectividad clínica del cribado neonatal de errores congénitos del metabolismo mediante MS/MS. Actualización y análisis del estudio piloto. Enfermedad de la orina con olor a

jarabe de arce, acidemia isovalérica y homocistinuria. Cantero Muñoz P, Maceira Rozas MC.

- Empleo de la velocidad de la marcha como indicador de fragilidad. Paz Valiñas L, Faraldo Vallés MJ, Bugarín González R.

Estudos de monitorización

- Protocolo del estudio de monitorización: Dispositivos de asistencia ventricular izquierda (DAVI) en terapia de destino.

LIÑA GENTECS: DETECCIÓN DE TECNOLOXÍAS NOVAS E EMERXENTES (TE)

As tecnoloxías sanitarias novas e emerxentes son as técnicas ou procedementos utilizados na práctica clínica que se atopan na fase previa á súa adopción ou difusión xeneralizada no sistema sanitario. Os sistemas de identificación de tecnoloxías emerxentes céntranse en:

- Novas tecnoloxías: tecnoloxías en fase de adopción que estivo dispoñible só para uso clínico durante un período limitado de tempo e que xeralmente se atopa en etapa de lanzamento, en fases temperás de post-comercialización ou fases temperás de difusión;
- Tecnoloxías emerxentes: tecnoloxía que aínda non foi adoptada polos sistemas sanitarios. No caso dos produtos farmacéuticos, correspóndese con ensaio clínico en fase II ou III ou pre-lanzamento. Nos dispositivos médicos, atoparíanse en fase de pre-comercialización
- Tecnoloxías xa establecidas con nova indicación ou uso.

O obxectivo principal do proceso de detección de tecnoloxías sanitarias novas e emerxentes é poder coñecer as novas tecnoloxías antes da súa implantación, de modo que a identificación e avaliación precoz destas tecnoloxías permita apoiar a toma de decisións relacionada coa inclusión no sistema sanitario a tempo mediante a estimación do seu posible impacto tanto sobre o sistema como sobre os pacientes.

Identificación semestral de tecnoloxías novas e emerxentes

Semestralmente se realiza unha detección de tecnoloxías novas e emerxentes que se envía ao ministerio. O ministerio recompila a información das tecnoloxías detectadas polas axencias de RedETS e, despois dun cribado, reenvía un número de tecnoloxías para súa avaliación preliminar en formato de “fichas breves”, que son documentos de información breves

coa información mínima necesaria para a súa priorización posterior. En 2019, Avalia-t elaborou as catorce fichas breves.

1. Sistema EOS® de radiografía en imágenes 3D. Sistema de radiografía en 3D para la determinación de patología vertebral, de cadera y rodilla.
2. Ablación con radiofrecuencia de metástasis vertebrales.
3. Videonistagmografía del nistagmo inducido por vibración para el diagnóstico de la hipofunción vestibular.
4. Broncoscopia navegacional electromagnética para el marcaje y extirpación de nódulos pulmonares.
5. Implante valvular aórtico transcatéter (TAVI) valve-in-valve en prótesis quirúrgicas degeneradas.
6. Ultrasonidos de alta frecuencia guiados por resonancia magnética aplicados a los trastornos del movimiento. MRgHIFU en temblor esencial y Enfermedad de Parkinson.
7. Cinta antigravedad Alter G® para pacientes neurológicos y/o traumatológicos a nivel de los miembros inferiores.
8. Variabilidad cardíaca como indicador del estrés y la salud mental
9. Cámara retiniana infantil (retinógrafo) de campo amplio con angiografía fluoresceínica para el cribado, diagnóstico y seguimiento de la retinopatía de la prematuridad
10. Cámara retiniana infantil (retinógrafo) de campo amplio con angiografía fluoresceínica para el diagnóstico y seguimiento de patologías retinianas en niños
11. Dispositivo de resección de pared completa para el diagnóstico, biopsia y tratamiento endoscópico de lesiones colónicas de pequeño tamaño
12. Estimulación magnética craneal para el tratamiento de la adicción a la cocaína
13. Análisis proteonómico en orina para el tratamiento de nefropatías glomerulares
14. Traje ortopédico Therasuit® para la rehabilitación de desórdenes neurológicos y sensoriales.

Elaboración de fichas de avaliación de tecnoloxías novas e emerxentes

En xuño de 2019 realizouse a priorización das tecnoloxías emerxentes identificadas ao longo do segundo semestre de 2018 pola RedETS utilizando a ferramenta multicriterio denominada PriTec. Se recibiron para a súa priorización un total de 59 tecnoloxías emerxentes.

Fichas de avaliación de tecnoloxías novas e emerxentes

As fichas de avaliación de tecnoloxías novas e emerxentes son documentos breves que resumen a evidencia científica máis relevante sobre tecnoloxías novas e emerxentes priorizadas

polo grupo de traballo de carteira de servizos con representantes de todas as CCAA. O obxectivo é proporcionar a información dispoñible que permita que a avaliación poda levarse a cabo nunha fase temperá da aparición dunha técnica, tecnoloxía ou procedemento, que se prevé vai ter impacto na calidade de vida e no sistema sanitario.

- Fichas de avaliación asignadas para elaborar dentro do plan de traballo de 2019:
  - Tecnología quirúrgica Monarch para el diagnóstico de nódulos pulmonares.
  - Broncoscopia navegacional electromagnética para el marcaje y extirpación de nódulos pulmonares
- Fichas de avaliación publicadas en 2019:
  1. Neurocirugía estereotáctica sin armazón. Dispositivo robótico Isys1. Paz Valiñas L, Puñal Riobóo J. Publicado. Plan de traballo do 2018.
  2. Implante subretiniano alfa mediante para la restauración de la visión en pacientes ciegos por enfermedades degenerativas de la retina, como la retinitis pigmentosa. Puñal Riobóo J, Paz Valiñas L. Finalizado. Non publicada por retirada de dispositivo do mercado.

Reunións do Grupo de Traballo de Tecnoloxías Novas e Emerxentes

O 25 de xuño de 2019, participouse na audioconferencia do grupo: 25 xuño de 2019.

ACTIVIDADE INTERNACIONAL

Avalia-t está presente en organizacións de avaliación de tecnoloxías de ámbito internacional.

REDE EUNETHTA

EUnetHTA é a rede colaborativa de axencias e organismos públicos de avaliación de tecnoloxías sanitarias en Europa financiada pola Comisión Europea. As axencias da RedETS participan en EUnetHTA desde a súa creación en 2006.

En maio de 2014, púxose en marcha a EUnetHTA Joint Action 3 (2016-2019), que supón a terceira acción conxunta en Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias (ATS) financiada pola Unión Europea baixo o Programa de Saúde. Esta JA3, concibida como o órgano científico-técnico da cooperación europea en avaliación de tecnoloxías, é a responsable de implementar a estratexia de avaliación aprobada pola Rede Europea de ATS en novembro de 2014.

A finalidade desta cooperación é aumentar o uso, calidade e eficiencia do traballo conxunto en ATS a nivel europeo e sustentar a selección sustentable e equitativa de prestacións sanitarias, asegurando a reutilización dos informes e outros produtos de ATS a nivel nacional e rexional. As accións definidas no plan de traballo (Programa Público de Saúde) para a JA3 son: aumentar a produción de traballos colaborativos de ATS, incluíndo informes de avaliación, guías e outras iniciativas científicas; promover a xeración de evidencia apropiada para a ATS, incluíndo a asesoría científica aos fabricantes os informes producidos a nivel da UE; asegurar a calidade científica e promover a reutilización dos traballos a nivel nacional e internacional; manter actualizadas as ferramentas de apoio, capacitación e comunicación; proporcionar soporte administrativo; establecer os procesos de traballo entre os membros participantes, incluíndo os cambios na regulamentación que poderían ser necesarias para a sustentabilidade financeira.

A actividade de Avalia-t dentro da JA3 centrase maioritariamente na produción de informes de avaliación e na recolección adicional de evidencia sobre a práctica médica diaria. Ademais o compromiso con EUnetHTA tamén contemplaba a asesoría á industria

Os compromisos incluían a elaboración dun informe de avaliación por ano, en colaboración con outros organismos de avaliación europeos, así como xestionar a posta en marcha de rexistros internacionais sobre dispositivos médicos a nivel europeo.

Actividades desenvolvidas

- Work Package 4-Joint Production (producción colaborativa)
  - WP4 OTCA15. Publicación do informe colaborativo sobre Irreversible electroporation in liver and pancreatic cancer. Avalia-t é autora principal do informe, que contou coa participación doutras axencias europeas.
  - WP4 OTCA24. Participación de Avalia-t como dedicated review do informe colaborativo The 24-hour blood pressure measurement device Mobil-O-Graph® with the built-in pulse wave velocity algorithm ARCSolver® to measure arterial stiffness for the optimization of hypertension treatment and assessment of cardiovascular risk.
  - WP4 OTCA25. Coordinación do informe Radiocirugía corporal estereotáctica para el tratamiento de tumores de pulmón, hígado y páncreas (SBRT).
  - Desenvolvementos metodolóxicos
  - Task Force Group on HTA Medical Device Reg. Participación no de traballo creado a efectos de establecer un marco para a futura colaboración entre axencias reguladoras/organismos notificados.

- Topic Identification and Selection Criteria Group. Colaboración como revisores no grupo de traballo deseñado para perfilar o procedemeento de identificación e selección das tecnoloxías a avaliar por EUnetHTA.

- WP5: Life cycle approach to improve Evidence Generation
  - WP5_B1: Early dialogues (Initial evidence generation).
  - Participación no grupo de traballo permanente do grupo de diálogos temperás sobre tecnoloxías non farmacolóxicas (dispositivos médicos, probas diagnósticas, etc.) en representación da RedETS.
  - WP5_B2: Post-Launch Evidence Generation (PLEG) and Registries:
  - Coordinación e posta en marcha dun estudio piloto sobre DAVI (dispositivo de asistencia ventricular izquierda) para avaliar a colaboración europea na xeración de evidencia post introducción.
  - Participación no desenvolvemento e pilotaxe da ferramenta de avaliación da calidade dos rexistros (Standards in Registries tool). Request tool
  - Participación na asesoría á Sociedade Europea do Trasplante de Sangue e Médula sobre o rexistro CAR-T.
- WP7: National implementation and impact
  - A participación restrínxese a contestar certos cuestionarios ao respecto de calquera utilización que se faga dos informes de EUnetHTA.

Asistencia a reunións:

- Asemblea de EUnetHTA, en Amsterdam, do 9 ao11 de abril de 2019.
- Reunión de Coordinación do WP4 de EUnetHTA, en Viena, o 16 de maio de 2019.
- WP4 face to face meeting, en Amsterdam, o 17 e o 18 de outubro de 2019.
- WP5 Strand B face to face meeting, en Paris, o 12 de decembro de 2019.

Audioconferencias

- WP4 OT JA3. 24 de setembro de 2019.
- OTCA25 kick off meeting. 2 de outubro de 2019.
- WP5B1 LVAD Pilot kick off meeting. 4 outubro de 2019.
- OTCA25 Stereotactic Body Radiation Therapy (SBRT). 8 de novembro de 2019.

HEALTH TECHNOLOGY ASSESSMENT INTERNATIONAL (HTAI)

A HTAi é una sociedade internacional, non-lucrativa, de carácter científico e profesional para todas aquelas persoas ou organizacións que produzan ou utilicen a avaliación de tecnoloxías sanitarias. Está formada por 82 organizacións e máis de 2500 membros individuais

de 65 países de todo o mundo, nos que están presentes organismos gobernamentais, axencias de avaliación, universidades e *stakeholders*.

Participación no Comité de Dirección

A coordinadora da actividade internacional de Avalia-t forma parte do equipo directivo da HTAi (*Board of* Directors) como directora dende a súa elección en xuño de 2019.

Participación en grupos de traballo

- Participación no HTAi Desinvestment and Early Awareness Group.
- Participación como autores do Prioritization toolkit on desinvestment.

Asistencia ao congreso

Do 15 ao 20 de xuño de 2019, asistiuse ao Congreso HTAI que tivo lugar en Colonia, onde presentáronse os seguintes pósters:

- Identification of frailty for health Ageing European population. Paz Valiñas L, Faraldo Vallés MJ, Bugarín González R.
- Photovoice: Promoting Knowledge Exchange About Patients Experiences. Triñanes Y, Varela L, Mazaira-Castro JA, Faraldo-Vallés MJ.
- Adoption of non-pharmaceuticals in Galicia: beyond conventional HTA. Varela Lema L, Zapata Cachafeiro M, Triñanes Pego Y, Faraldo Vallés MJ.
- The alliance between HTA and Public Health in national screening policies. Varela Lema L, Puñal Riobóo J, Cantero Muñoz P, Faraldo Vallés MJ.

INTERNATIONAL NETWORK OF HEALTH TECHNOLOGY ASSESSMENT AGENCIES (INAHTA)

International Network of Health Technology Assessment Agencies (INAHTA) é unha rede internacional que reúne a 49 axencias de avaliación de tecnoloxías sanitarias con financiación pública de 30 países co fin de apoiar o intercambio de coñecementos e de información. As recomendacións destas axencias axudan á toma de decisións dos sistemas de saúde que dan cobertura a máis dun billón de persoas.

Avalia-t lidera o proxecto de coordinación do Glosario de Evaluación de Tecnologías Sanitarias en español, consensuado con representantes das Axencias de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias de Iberoamérica e España.

Este proxecto naceu da necesidade de estandarizar a terminoloxía utilizada no campo de avaliación de tecnoloxías sanitarias coa finalidade de ofrecer á comunidade usuaria de avaliación de tecnoloxías sanitarias un vocabulario común para o seu uso dentro deste campo.

Avalia-t colaborou coa INAHTA na revisión e validación da nova base de datos de Informes de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias que vén encher o espazo deixado pola Base de datos do CRD (University of York) que deixou de funcionar en marzo de 2019.

Asistencia a reunións

O 20 e 21 de xuño de 2019 asistiuse á reunión anual a INHTA en Colonia.

REDE G-I-N (GUIDELINES INTERNATIONAL NETWORK)

Avalia-t é membro da Guidelines International Network (G-I-N), rede internacional que promove o desenvolvemento de GPC e a súa aplicación na práctica.

O portal do GIN inclúe recursos sobre aspectos metodolóxicos e GPC dos organismos ou centros pertencentes á rede. É un dos portais con maior capacidade e información sobre aspectos metodolóxicos e de investigación en GPC e recolle a información dos principais axentes produtores de GPC a nivel internacional.

Promove conferencias e foros de discusión na área de GPC, e está en marcha un foro en español. Dado o seu carácter internacional, informa sobre iniciativas no mundo das GPC en diferentes linguas e localizacións xeográficas, pretendendo ser un referente a nivel mundial.

INTERNATIONAL INFORMATION NETWORK ON NEW AND EMERGING HEALTH TECHNOLOGIES (EUROSCAN)

